

**Poboación e mercado de
traballo**

4

4.1. A poboación galega

Antes de entrar na análise da poboación desde a perspectiva do mercado laboral (poboacións activa, ocupada, desempregada, etc.) cómpre realizar un achegamento á situación demográfica de Galicia nos últimos anos, porque é un claro condicionante da evolución das variables relevantes no estudo do noso mercado de traballo.

4.1.1. Evolución da poboación

En Galicia a poboación diminuíu en 2015 en 14.598 persoas, segundo os datos provisionais que fixo públicos o INE.

A porcentaxe da poboación galega sobre a española baixou do 6,6% de 2001 ao 5,84% do día 1 de xaneiro de 2016; esta perda de peso demográfico da nosa comunidade insírese nunha nida traxectoria descendente a máis longo prazo.

En 2015 a poboación baixou en todas as comunidades autónomas agás en tres: Madrid, Cataluña e Baleares; a diminución galega (-0,5%) foi porcentualmente máis do dobre que no promedio español (-0,2%).

Dos 2.717.749 habitantes con que conta Galicia a 1 de xaneiro de 2016, un 29,6% residen en poboacións de 1.001 a 10.000 habitantes, un 33,3% en concellos de 10.001 a 50.000; un 23,6%, en cidades con máis de 100.000 persoas (un 39,4% na media estatal).

A evolución demográfica das cinco comunidades autónomas máis poboadas e do Estado español no seu conxunto recollémolas no cadro 4.1, nunha dobre perspectiva temporal: a un prazo máis longo (os anos transcorridos do século XXI) e ano a ano, no último sexenio.

Cadro 4.1

Poboación das 5 comunidades autónomas de mais habitantes, 2001/2011-2016

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Andalucía	7.403.968	8.424.102	8.449.985	8.440.300	8.402.305	8.399.043	8.381.213
Cataluña	6.361.365	7.539.618	7.570.908	7.553.650	7.518.903	7.508.106	7.516.254
C. Valenciana	4.202.608	5.117.190	5.129.266	5.113.815	5.004.844	4.980.689	4.953.482
Galicia	2.732.926	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	2.732.347	2.717.749
Madrid	5.372.433	6.489.680	6.498.560	6.495.551	6.454.440	6.436.996	6.464.078
España	41.116.842	47.190.493	47.265.321	47.129.783	46.771.341	46.624.382	46.524.943

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes, a 1 de xaneiro de cada ano
Os datos do 1-1-2016 son provisionais

A focalización a 1 de xaneiro de 2016 da evolución demográfica por comunidades autónomas que figura nese cadro reflicte que as cinco comunidades máis poboadas (Andalucía, Cataluña, Madrid, a C.Valenciana e Galicia, por esta orde) concentran 30.032.776 habitantes, un 64,6% da poboación española.

Se ollamos a evolución demográfica nos anos transcorridos do século XXI, sobrancearemos:

- O contraste entre a gran suba da poboación española (5.408.101 habitantes, un 13,2%) e a diminución da galega (15.177 habitantes, un 0,56%).
- Que Galicia é a única das cinco comunidades analizadas no cadro 4.1 que ten menos poboación a 1 de xaneiro de 2016 que ao comezo do século XXI.

No último quinquenio, salientaremos que:

- A poboación galega diminuíu todos os anos (en 77.673 persoas, en total) e no total do Estado baixou nese período en 665.549 habitantes, e só subiu en 2012; un 11,7% da caída poboacional desde o 1 de xaneiro de 2011 ata o mesmo día de 2016 produciuse, xa que logo, en Galicia.
- Galicia é a única das cinco comunidades aquí estudadas que baixou a poboación todos os anos.

A desagregación por anos da poboación de Galicia a 1 de xaneiro na última década figura no cadro 4.2.

Cadro 4.2

**Evolución da poboación.
Galicia. 2007-2016**

2007	2.833.085
2008	2.784.169
2009	2.796.089
2010	2.797.653
2011	2.795.422
2012	2.780.498
2013	2.765.940
2014	2.748.695
2015	2.732.347
2016	2.717.749

Fonte: INE, Padrón Municipal de Habitantes, a 1 de xaneiro de cada ano
O dato de 1-1-2016 é provisional

Destacaremos:

- Tan só a 1 de xaneiro de 2009 e de 2010 subiu a poboación de Galicia respecto do ano anterior.
- Desde o 1 de xaneiro de 2007, a nosa poboación diminuíu en 115.336 habitantes (deles, 77.763 no último quinquenio).

A desagregación por provincias da evolución demográfica de Galicia desde o ano 2011 cuadrienio reflíctese no cadro 4.3; explicita que:

Cadro 4.3**Variación anual da poboación. Por provincias. 2011-2015**

	2011	2012	2013	2014	2015
A Coruña	1.147.124	1.143.911	1.138.161	1.132.735	1.126.055
Lugo	351.530	348.902	346.005	342.748	337.241
Ourense	333.257	330.257	326.724	322.293	316.962
Pontevedra	963.511	958.428	955.050	950.919	946.032

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes, a 1de xaneiro de cada ano, agás o 2015 (que é de 1de xullo)

- Baixou a poboación nas catro provincias en cada un dos cinco rexistros.
- A Coruña e Pontevedra seguen a concentrar máis de dous millóns de habitantes (2.072.087), un 76% do total de Galicia, triplicando á suma de Lugo e Ourense.
- O devalar demográfico en Galicia vaise facendo máis intenso cada ano sobre todo nas provincias de Ourense e Lugo, as dúas provincias nas que a porcentaxe de caída poboacional foi maior cada ano no período 2011-2014. En Ourense é máis do dobre a diminución porcentual a 1 de xaneiro de 2014 (-1,36%) que na mesma data de 2011 (-0,59%).

No cadro 4.4 presentamos a desagregación por provincias dos datos da poboación da última década, para permitir a súa análise ás persoas interesadas.

Cadro 4.4

Poboación segundo sexo e
provincia. 2006-2015

	Homes	Mulleres
A Coruña		
2006	542.260	586.881
2007	544.352	588.440
2008	548.037	591.084
2009	550.841	594.647
2010	551.318	595.140
2011	551.476	595.648
2012	550.009	593.902
2013	547.079	591.082
2014	544.075	588.660
2015	541.679	584.377
Lugo		
2006	172.967	183.628
2007	172.422	182.754
2008	172.914	182.635
2009	172.943	182.252
2010	171.983	181.521
2011	170.854	180.676
2012	169.536	179.366
2013	168.013	177.992
2014	166.325	176.423
2015	163.893	173.349
Ourense		
2006	162.785	175.886
2007	162.026	174.900
2008	161.848	174.251
2009	161.454	174.188
2010	161.346	173.873
2011	160.570	172.687
2012	159.175	171.082
2013	157.425	169.299
2014	155.090	167.203
2015	152.940	164.022
Pontevedra		
2006	455.785	487.332
2007	458.359	489.280
2008	461.469	491.931
2009	464.365	495.399
2010	465.900	496.572
2011	466.691	496.820
2012	464.608	493.820
2013	462.605	492.445
2014	460.167	490.752
2015	459.432	486.600

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes, a 1 de xaneiro de cada ano

Co obxectivo de facilitar o estudo máis polo miúdo da evolución demográfica nas provincias galegas nun prazo máis longo que o visto no cadro 4.3, recolleemos no cadro 4.5 os datos da última década, que permiten a comparanza da dinámica demográfica de cada provincia coa

da poboación total de Galicia nese período.

Cadro 4.5

Poboación segundo provincia. Galicia. 2006-2015

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
A Coruña	1.129.141	1.132.792	1.139.121	1.145.488	1.146.458	1.147.124	1.143.911	1.138.161	1.132.735	1.126.055
Lugo	356.595	355.176	355.549	355.195	353.504	351.530	348.902	346.005	342.748	337.241
Ourense	338.671	336.926	336.099	335.642	335.219	333.257	330.257	326.724	322.293	316.962
Pontevedra	943.117	947.639	953.400	959.764	962.472	963.511	958.428	955.050	950.919	946.032
Galicia	2.767.524	2.772.533	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	2.726.032

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes, a 1 de xaneiro de cada ano, agás os datos de 2015, que son de 1 de xullo

A desagregación por grupos quinquenais de idade dos datos da poboación galega a longo prazo podemos ollalo no cadro 4.6.

Cadro 4.6

Serie histórica de poboación segundo grupos quinquenais de idade. Galicia. 1975-2014.

	1975	1986	1996	2006	2014
0-4	214.875	150.568	103.229	101.014	106.842
5-9	219.821	215.900	124.925	99.198	113.601
10-14	217.574	223.702	163.486	112.212	106.728
15-19	219.370	220.884	217.072	132.872	104.449
20-24	197.173	207.804	219.348	171.976	124.527
25-29	192.774	203.885	203.802	219.911	147.488
30-34	176.787	185.003	192.931	219.368	193.864
35-39	162.302	185.753	191.222	211.651	228.450
40-44	192.459	175.525	174.614	201.146	216.920
45-49	174.893	153.040	171.756	195.558	208.769
50-54	159.986	186.948	162.630	174.915	198.164
55-59	145.229	168.730	141.117	173.410	182.604
60-64	133.490	150.748	173.818	159.797	168.244
65-69	126.351	129.685	153.619	140.425	166.170
70-74	97.096	111.362	128.967	159.504	133.526
75-79	64.195	88.867	97.586	126.788	130.984
80-84	33.443	53.833	68.801	90.200	113.480
85 e mais	21.505	32.247	53.699	77.579	103.885
Total	2.749.323	2.844.472	2.742.622	2.767.524	2.748.695

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes, a 1 de xaneiro de cada ano

O notable avellentamento demográfico de Galicia nas catro últimas décadas queda ben reflectido con só comparar o primeiro e o último chanzo a día un de xaneiro de 1975 e de 2014: mentres que o grupo de idade inferior aos cinco anos é menos da metade, o de 85 ou máis anos quintuplica en 2014 o valor de 1975.

Para complementar territorialmente o estudo da poboación galega, recollemos no cadro 4.7 a evolución a longo prazo da distribución por comarcas, no que sobranceamos as doce que a día 1 de xaneiro de 2014 teñen máis de 50.000 habitantes.

Cadro 4.7

Poboación segundo comarcas. Galicia. 2001, 2011-2014.

	2001	2011	2012	2013	2014
Arzúa	19.184	17.364	17.226	17.057	16.909
Barbanza	66.323	68.311	68.336	68.199	67.776
A Barcala	11.800	11.179	11.046	10.940	10.763
Bergantiños	70.815	70.209	69.834	69.438	68.928
Betanzos	39.142	39.632	39.419	39.065	38.768
A Coruña	358.302	396.864	398.025	398.412	397.254
Eume	28.842	26.391	26.124	25.539	25.490
Ferrol	162.261	16.251	161.541	160.666	159.422
Fisterra	25.175	23.677	23.136	22.747	22.461
Muros	15.981	14.399	14.042	13.785	13.493
Noia	37.292	35.623	35.269	34.775	34.459
Ordes	38.193	38.683	38.411	38.153	37.687
Ortegal	16.923	14.347	13.772	13.166	12.942
Santiago	146.555	163.576	164.519	164.621	165.083
O Sar	17.718	16.814	19.730	16.459	16.373
Terra de Melide	14.820	13.137	12.679	12.379	12.533
Terra de Soneira	21.694	19.426	19.168	18.706	18.386
Xallas	16.992	14.961	14.634	14.054	14.008
Os Ancares	14.238	11.612	11.330	11.153	10.951
Chantada	17.118	14.835	14.536	14.287	14.055
A Fonsagrada	7.461	6.043	5.859	5.696	5.563
Lugo	112.895	120.548	120.737	120.802	120.320
A Mariña Central	30.457	30.530	30.323	30.106	29.860
A Mariña Occidental	28.020	27.238	27.140	26.964	26.729
A Mariña Oriental	17.479	17.231	17.126	16.893	16.741
Meira	6.706	5.698	5.638	5.552	5.447
Quiroga	7.245	6.020	5.813	5.721	5.618
Sarria	26.427	24.511	24.170	23.914	23.720
Terra Chá	48.801	44.081	43.573	42.912	42.336
Terra de Lemos	36.089	33.133	32.813	32.333	31.876
A Ulloa	11.189	10.050	9.844	9.672	9.532
Allariz-Maceda	15.633	15.151	15.060	14.835	14.637
Baixa Limia	9.925	8.424	8.212	7.930	7.636
O Carballiño	30.074	22.240	28.891	28.588	27.979
A Limia	25.218	23.252	22.823	22.391	21.964
Ourense	143.142	146.165	146.135	146.190	145.563
O Ribeiro	20.546	18.861	18.369	17.808	17.195
Terra de Caldelas	4.647	3.544	3.443	3.314	3.223
Terra de Celanova	22.894	20.623	20.057	19.324	18.749
Terra de Trives	5.963	4.789	4.660	4.507	4.430
Valdeorras	29.126	27.999	27.724	27.369	27.000
Verín	29.450	28.410	28.261	27.968	27.555
Viana	8.005	6.802	6.622	6.500	6.362
O Baixo Miño	45.949	51.116	51.096	50.630	50.402
Caldas	35.397	35.322	35.154	34.958	34.757
O Condado	37.998	43.318	42.917	42.790	42.286
Deza	47.314	44.355	42.630	41.819	41.412
O Morrazo	79.817	83.669	83.313	83.340	83.613
A Paradanta	18.118	15.970	14.000	13.497	13.226
Pontevedra	115.571	124.356	124.075	124.132	124.094
O Salnés	104.184	111.849	111.541	111.089	110.534
Tabeirós-Terra de Montes	29.588	28.100	27.489	27.149	26.753
Vigo	402.240	425.456	426.213	425.616	423.842

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes, a 1 de xaneiro de cada ano

No que vai do século XXI subliñaremos que:

- Nas provincias de Lugo e Ourense tan só a comarca da capital de provincia subiu a poboación, mentres que en A Coruña aumentou en tres (A Coruña, Compostela e Barbanza) e na de Pontevedra en seis (Vigo, Pontevedra, Baixo Miño, o Condado, O Morrazo e O Salnés).
- Das comarcas das sete principais cidades de Galicia, só a de Ferrol baixou o número de habitantes.
- Baixou máis dun 25% a poboación en varias comarcas galegas (A Paradanta, Terra de Trives, A Fonsagrada) e entre un 20 e un 25% en Ortegal, Quiroga e O Baixo Miño.

Que o claro devalar demográfico de Galicia nos últimos anos se produce por toda a nosa xeografía reflícteo contundentemente un dato: no último trienio, das 53 comarcas tan só subiu a poboación en dúas: A Coruña e Compostela.

4.1.2. A poboación estranxeira

A 1 de xaneiro de 2016, hai 87.616 cidadáns estranxeiros residindo en Galicia, o que supón un 3,2% da nosa poboación total (porcentaxe que se triplica no promedio estatal: 9,9%).

As maiores porcentaxes de poboación estranxeira téñenas Baleares (17%), Murcia (13,7%) e Cataluña (13,6%) e as menores son as de Estremadura (3,1%), Galicia /3,2%) e Asturias 83,9%).

Ao longo do ano 2015 baixou a poboación estranxeira en todas as comunidades autónomas agás o País Vasco (onde subiu en 1.290 persoas).

En Galicia baixou en 2015 a poboación estranxeiro por cuarto ano consecutivo (desta volta en 3.025 persoas, un 3,3%); no total estatal a diminución porcentual foi dun 2,7%.

A chegada de poboación do estranxeiro foi un dos fenómenos demográficos característicos da nosa sociedade (sobre todo no total estatal) nos últimos anos do século XX e na alborada do século XXI; sen esta afluencia de inmigrantes, ao fío da forte expansión económica, non é posible entender o aumento nese período da poboación galega ou a suba do índice de fecundidade.

Os tempos mudaron e na segunda década do século XXI é perceptible que esa suba se ralentizou no bienio 2011-2012 e comezou a reviravolta en 2013, cunha diminución dunhas 2.000 persoas en 2013 e dunhas 11.000 persoas cada ano no último bienio

O cadro 4.8 explicita, na perspectiva diacrónica, que:

- Nas mulleres, a suba continuada da poboación estranxeira residente en Galicia, que

comezou na última década do século XX, continuou na primeira década do século XXI (con especial intensidade nos anos 2002-2003, 2005 e 2008-2009), perdeu folgos no bienio 2011-2012 (acadou o nivel máximo en 2012) e deu paso en 2013 a unha lixeira diminución (745 persoas), que se multiplicou por sete en 2014 (foi de 5.569 habitantes), volvendo a poboación estranxeira feminina residente en Galicia a un nivel superior en só 1.285 persoas ao que tiña en 2008.

- Nos homes, a suba continuada da poboación estranxeira residente en Galicia, que comezou na última década do século XX, continuou na primeira década do século XXI (con especial intensidade nos anos 2002-2003, 2005 e 2008-2009), perdeu folgos no bienio 2011-2012 (acadando o nivel máximo en 2012), tivo en 2013 unha lixeira diminución (1.476 persoas), que se cuatuplicou en 2014 (foi de 6.148 habitantes), volvendo a poboación estranxeira masculina residente en Galicia a un nivel superior en só 1.392 persoas ao que tiña en 2008.
- A suba continuada da poboación estranxeira total residente en Galicia, que comezou na última década do século XX, continuou na primeira década do século XXI (con especial intensidade no bienio 2002-2003, en 2005 e no trienio 2007- 2009), perdeu folgos de 2010 a 2012 (acadando o nivel máximo en 2012), tivo en 2013 unha lixeira diminución (2.221 persoas), que se quintuplicou en 2014 (foi de 11.717 habitantes), volvendo a poboación estranxeira residente en Galicia a un nivel superior en só 2.677 persoas ao que tiña en 2008.

Cadro 4.8

Poboación estranxeira segundo sexo. Galicia. 2001-2016.

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Homes	15.658	20.037	25.649	27.746	33.180	35.531	39.632	47.849	53.721	55.223	55.606	56.865	55.389	49.241	45.236	43.278
Mulleres	17.400	22.425	28.159	30.641	36.183	38.225	41.810	47.719	52.916	54.447	54.862	55.318	54.573	49.004	45.405	44.338
Total	33.058	42.462	53.808	58.387	69.363	73.756	81.442	95.568	106.637	109.670	110.468	112.183	109.962	98.245	90.641	87.616

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Datos a 1 de xaneiro de cada ano. Os de 2016 son provisionais.

A diminución nos últimos anos da chegada a Galicia desde o estranxeiro de cidadáns doutras nacionalidades e a suba das persoas estranxeiras que abandonan a nosa comunidade garda unha relación directa coa parálise do noso mercado laboral, coa falla de oportunidades que ofrece para ser un polo de atracción de poboación.

A desagregación por provincias e sexos en 2015 da poboación estranxeira residente en Galicia recollémolos no cadro 4.9, para facilitarlle o labor ás persoas que precisen dun estudo máis polo miúdo territorialmente e/ou por sexos. Óllase que as provincias occidentais concentran 62.044 persoas estranxeiras (un 70,8% do total galego).

Cadro 4.9

Poboación estranxeira. Por provincias. 2015

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	15.079	16.447	31.526
Lugo	6.450	6.167	12.617
Ourense	6.448	6.507	12.955
Pontevedra	15.301	15.217	30.518

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes, a un de xaneiro. Os datos son provisionais.

4.1.3. O Censo de residentes no estranxeiro

O INE comezou en 2009 a elaborar o *Padrón de residentes en el extranjero*. No quinquenio percorrido desde entón a poboación galega que reside no estranxeiro subiu en 95.000 persoas e acadou a 1 de xaneiro de 2014 un total de 479.558 cidadáns galegos.

A desagregación dos por provincias reflicte que as provincias de A Coruña e Pontevedra concentran 306.768 persoas (un 64% do total), aunque o peso relativo na colonia exterior galega é maior nas provincias de Lugo e Ourense (moi especialmente nesta última).

Resulta interesante a análise da poboación galega que reside no estranxeiro dividíndoa en tres grandes grupos de idade moi importantes no estudo da actividade económica dunha sociedade: ata 15 anos, de 16 a 64 e de 65 anos ou máis.

- O grupo de idade no que se computa a poboación *potencialmente activa* (a que está en idade de traballar) supón a día 1 de xaneiro de 2014 un 60,7% do total.
- O grupo das persoas de maior idade (65 ou máis) representa nesa data un 28,6% do total, indicativo fiable do proceso de avellentamento que se está a dar tamén na poboación galega residente no exterior.
- O grupo das persoas menores de 16 anos é a un de xaneiro de 2014 un 10,7% do total, cinco décimas menos que un ano antes, por ese proceso de avellentamento que se está a dar tamén na poboación galega residente no exterior.
- A difusión polo INE dos datos do Padrón de residentes en el extranjero, que estamos a comentar, levou á Xunta de Galicia a emitir un comunicado aclaratorio, segundo o cal non sería de 15.746 senón de 22.329 o incremento no ano 2013 das persoas galegas que residen no estranxeiro. Sobrancea tamén nese comunicado que esta variable demográfica recolle, por unha banda, as persoas galegas que residían na nosa comunidade e emigraron ao estranxeiro e, por outra, a persoas que xa estaban a residir no estranxeiro pero se acolleron á adquisición da nacionalidade española, e despois da cidadanía galega, como consecuencia da aplicación da lei de memoria histórica.

4.1.4 Movements naturais de poboación

Estudaremos neste epígrafe a variación natural (ou *vexetativa*) das poboacións galega e máis española, desagregando os dous fenómenos demográficos que o explican (nacementos e mortes).

Os últimos datos definitivos proporcionados polo INE antes de pechar a elaboración deste *Informe Sociolaboral de Galicia* reflicten que Galicia rexistrou no ano 2014 de novo o maior descenso absoluto (natural ou *vexetativo*) de todas as comunidades autónomas (-10.186 habitantes); seguíronlle en números vermellos as mesmas comunidades que en anos anteriores e na mesma orde: Castela-León e Asturias.

No total estatal, en 2014 houbo un crecemento vexetativo de 29.012 persoas, o menor saldo positivo desde o ano 2.000, resultados de 427.595 nacementos e 398.583 defuncións.

O cadro 4.10 presenta os datos provisionais a día 1 de xullo de 2015 dos nacementos e mortes para Galicia e o total estatal.

Cadro 4.10

**Nacementos, mortes e crecemento natural.
Galicia, España. 1º semestre 2015**

	Nacementos	Mortes	Crecemento natural
Galicia	9.728	16.865	-7.137
España	206.656	225.924	-19.268

Fonte: IGE, INE. Movemento natural de poboación. Datos provisionais.

Galicia rexistrou de novo o maior descenso absoluto (natural ou *vexetativo*) de todas as comunidades autónomas (-10.186 habitantes); seguíronlle en números vermellos as mesmas comunidades que en anteriores clasificacións e na mesma orde: Castela-León (-7.064) e Asturias (-4.133).

A perspectiva diacrónica dos movementos naturais da poboación galega reflíctea o cadro 4.11, que explicita se na diminución natural da poboación galega está a pesar máis un ano concreto a pouquidade dos nacementos ou a suba das defuncións.

Cadro 4.11

**Movementos naturais de poboación.
Galicia. 2011-2014**

	Nacementos	Defuncións	Crecemento natural
2011	21.180	29.879	-8.699
2012	21.089	30.871	-9.782
2013	19.726	30.427	-10.701
2014	19.743	29.929	-10.186

Fonte: INE. Movemento natural de la población

Os datos en valor absoluto dos nacementos e as mortes que vimos de analizar cobran máis sentido (a efectos de comparanzas con outros territorios) cando se pasan a datos relativos, caso no que adoitan computarse en taxas por cada mil habitantes dunha poboación: de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo.

A *taxa bruta de natalidade* en Galicia no último ano no que o INE proporcionou os datos definitivos (2014) foi dun 7,2 por mil, moi por baixo do promedio estatal (9,2 por cada mil habitantes) e antepenúltima do Estado (só é inferior en Asturias e Castela - León); quedou en Galicia no mesmo nivel do ano anterior.

Se focalizamos a *taxa bruta de mortalidade* (defuncións por cada mil habitantes) do ano 2014, a de Galicia (10,9 defuncións por cada mil habitantes) baixou dúas décimas respecto do ano anterior e foi a segunda máis alta de España (só por baixo de Asturias).

Os datos a longo prazo para Galicia e cada unha das súas provincias das taxas brutas de natalidade figuran no cadro 4.12. Nesta perspectiva diacrónica salientaremos que:

- Lugo e Ourense tiñan este índice demográfico xa moi baixo no ano de partida da nosa análise (1976), cunha gran diferenza respecto das provincias de A Coruña e Pontevedra.

Cadro 4.12

Serie histórica. Taxa bruta de natalidade. Galicia. 1976/1981/1986/1991/1996-2014.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
1976	17,3	11,6	11,0	20,0	16,3
1981	13,7	11,0	8,9	14,8	12,2
1986	9,4	8,5	7,4	10,6	9,3
1991	7,9	7,1	6,6	9,2	7,9
1996	6,7	5,4	5,7	8,1	6,9
1997	6,9	5,5	5,6	8,0	6,9
1998	7,2	5,4	5,4	8,5	7,2
1999	7,2	5,4	5,4	8,5	7,2
2000	7,2	5,4	5,4	8,5	7,2
2001	7,2	5,4	5,4	8,5	7,2
2002	7,2	5,4	5,4	8,5	7,2
2003	7,5	5,8	6,1	8,8	7,5
2004	7,7	5,7	5,7	8,9	7,6
2005	7,9	5,9	5,7	9,0	7,7
2006	8,0	5,8	6,1	8,9	7,8
2007	8,0	6,2	6,2	9,0	7,9
2008	8,7	6,3	6,5	9,5	8,4
2009	8,4	6,4	6,2	9,1	8,1
2010	8,2	6,3	6,2	8,8	8,0
2011	8,1	6,3	6,0	8,6	7,8
2012	7,9	6,5	5,9	8,3	7,6
2013	7,4	6,1	5,8	7,7	7,2
2014	7,3	6,3	5,8	7,0	7,2

Fonte: INE, Indicadores demográficos

Nota: Os indicadores de fecundidade elabóranse a partir dos datos definitivos do Movemento natural da poboación do ano de referencia.

- A fortísima caída da taxa de natalidade de 1976 a 1996 certificase cos só dous datos:

1) Tanto no global galego como en cada unha das súas provincias (agás Ourense, por só dúas décimas) a taxa bruta de mortalidade pasou á metade.

2) A menor taxa de mortalidade provincial de 1976 (Ourense: 11 por mil) está moi por riba da maior taxa provincial de 1996 (Pontevedra: 8,1 por mil).

- No período que foi de 1996 a 2014, a tendencia foi crecente ata 2008, ano do comezo dunha forte crise económica e social, no que rexistraron a maior taxa de natalidade deste período Galicia e tres das súas provincias (hai que remontarse dúas décadas atrás para ver unha taxa de mortalidade do 8,4 por mil).

Desde 2009 a tendencia das taxas de natalidade volveu a ser claramente descendente: tanto Galicia como todas as súas provincias seguen hoxe con taxas de natalidade inferiores ás de 2008...e moi por baixo do promedio estatal de 2014 (9,2 por cada mil habitantes).

No tocante á evolución a longo prazo das taxas de mortalidade de Galicia e das súas provincias, ao fío do cadro 4.13 sobrancearemos o seguinte:

- Ourense (e sobre todo, Lugo) tiñan este índice demográfico xa moito máis alto no ano de partida da nosa análise (1976) que as provincias de A Coruña e Pontevedra, anque as diferenzas non fosen tan acusadas como na análise das taxas de natalidade.

Cadro 4.13

Serie histórica. Taxa bruta de mortalidade. Galicia. 1976/1986/1996/2006-2014.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
1976	8,9	12,0	10,1	8,5	9,4
1986	9,3	12,1	10,9	8,4	9,6
1996	10,2	13,5	13,2	9,1	10,7
2006	10,2	13,8	14,0	9,1	10,7
2007	10,5	13,9	14,3	9,2	11,0
2008	10,3	13,8	14,2	8,9	10,7
2009	10,6	14,1	13,6	9,1	10,9
2010	10,3	13,7	14,0	9,1	10,7
2011	10,3	13,8	14,1	9,1	10,8
2012	10,5	14,6	14,5	9,5	11,2
2013	10,7	14,4	14,0	9,3	11,0
2014	10,7	14,4	13,7	9,1	10,9

Fonte: INE, Indicadores demográficos

Nota: Os indicadores de fecundidade elabóranse a partir dos datos definitivos do Movemento natural da poboación do ano de referencia.

- De 1976 a 2007 medrou a taxa bruta de mortalidade de Galicia (que acadou nese ano un 11 por mil) e fíxoo con especial intensidade de 1986 a 1996. A desagregación por provincias tamén reflicte esta tendencia crecente, anque máis lixeira na de Pontevedra.

- Galicia quedou en 2013 e 2014 practicamente coa mesma taxa de mortalidade que tiña en

2007 e moi próxima á que xa tiña en 1996).

- A comparanza por provincias das taxas de 2006 e 2014 explicita que baixou nese período na que tiña o maior índice (Ourense), foi a mesma en Pontevedra e subiu lixeiramente en A Coruña e con máis intensidade en Lugo, que colleu o relevo de Ourense desde 2012 como a provincia galega con maior taxa de mortalidade.

Para non perder a visión comparativa con outros ámbitos territoriais nunha ollada diacrónica do saldo vexetativo por cada 1.000 habitantes, recollemos no cadro 4.14 as taxas de Galicia, España e a Unión Europea.

Cadro 4.14

Saldo vexetativo⁽¹⁾ por 1.000 habitantes. Galicia, España, UE. 1975-2014

	1975	1985	1995	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
UE	4,1	2,2	0,4	0,6	0,8	1	1,2	1,1	1,1	1,2	1,0	0,9	-
España	10,4	3,7	0,4	1,8	2,5	2,4	2,9	2,4	2,3	1,8	1,1	0,8	0,7
Galicia	6,6	0,8	-3,6	-3,0	-2,9	-3,0	-2,3	-2,4	-2,8	-3,3	-3,7	-3,9	-3,8

(1) Nacementos menos defuncións

Fonte: INE ("indicadores demográficos básicos") e EUROSTAT

A negativa *taxa de crecemento natural* (ou *vexetativo*) de Galicia en 2014 (-3,8 por mil) contrasta coa suba media española (0,7 por mil). Sen dúbidas, o avellentamento da poboación galega segue a pasar factura; para explicalo, por suposto que temos que remontarnos cara atrás no tempo e estudar a emigración secular galega.

* O coeficiente negativo da taxa de “crecemento” natural de Galicia estivo nos anos transcorridos do século XXI no abano: 2 - 4 por mil desde hai dúas décadas; en 2014 quedou na parte máis baixa dese abano (-3,8 por mil de “decrecemento natural”).

A Galicia minguante demograficamente (estudando natalidade e mortalidade, é dicir, polos movementos naturais da poboación) non deixa marxe para dúbidas e os estudos prognostican que seguirá esa tendencia decrecente do saldo vexetativo: no marco das proxeccións de poboación para o período 2011-2021, que elaborou o INE (e proporciona con desagregación territorial o IGE) a previsión é que nacerán 194.572 persoas e morrerán 307.883 persoas nesa década; de se cumprir o vaticinado, Galicia tería un “decrecemento vexetativo” de 113.309 persoas nese período.

4.1.5. Movementos migratorios

A partir do ano 2012 o INE puxo en marcha unha nova operacións estatísticas no campo dos movementos migratorios: a *Estadística de Migraciones*. A finalidade é a medición das migracións dentro do Estado e máis co estranxeiro, de acordo co establecido no Regulamento 862/2007 do Parlamento Europeo e do Consello sobre Estatísticas de Migracións.

A Estatística de Migracións é das de maior dificultade dentro das demográficas; elabórase

partindo das variacións residenciais rexistradas nas bases patronais do INE, pero eses datos realízaselles un tratamento estatístico baseado en:

1º) Estimación da data na que se produciu o movemento migratorio cara ao estranxeiro, cando se producira a partir de baixas executadas pola autoridade do concello “de oficio” e non a instancias da persoa interesada.

2º) Axuste á definición estatística de migración homologada na UE, depurando os movementos migratorios consecutivos dunha mesma persoa cando disten entre si menos dun ano.

3º) Estimación dos movementos migratorios ocorridos no período que se estude pero que non afloraron aínda na base de datos do Padrón, debido en el Padrón puidese ser insuficiente para a medición dos fluxos migratorios.

Na práctica, este traballo estatístico tradúcese en que as cifras de inmigración son lixeiramente inferiores ás altas observadas no Padrón e que as cifras de emigración son algo maiores que as baixas padronais.

Con todo, o INE recoñece explicitamente que *“la observación de variaciones en el Padrón pudiera ser insuficiente para la medición de los flujos migratorios. Así, esta operación estadística nace con la vocación de ir incorporando en su metodología de cálculo cuantas fuentes adicionales de información y mejoras metodológicas se consideren oportunas para una mejor identificación y medición del fenómeno migratorio. Estas mejoras metodológicas se irán incorporando a lo largo de las próximas ediciones”*.

Como vimos en anteriores *Informes Sociolaborais de Galicia*, cuantitativamente os principais destinos dos desprazamentos da poboación residente en Galicia nos últimos anos foron, redondeando datos: localidades de Galicia (70%), outras comunidades autónomas (20%) e o estranxeiro (10%).

Pese ao predominante peso cuantitativo das migracións internas (nas que o cambio de residencia se produce entre poboacións galegas) cómpre non restarlle a gran importancia que teñen aos nos movementos migratorios externos (os que teñen por orixe ou destino poboacións de fóra de Galicia), que cualitativamente (por razóns culturais, de distancia, etc) teñen unha significación ben distinta que as variacións residenciais entre cidades e vilas galegas.

No cadro 4.15 recolleemos para a última década os datos dos distintos movementos migratorios (desde/ cara fóra de Galicia), que axudarán ás persoas que queiran analizar os fluxos máis alá do último trienio.

Cadro 4.15

Emigracións, Inmigracións e Saldo migratorio. Galicia. 2005-2014

	Emigración externa (*)	A outra comunidade	Ao estranxeiro	Inmigración externa	Doutra comunidade	Do estranxeiro	Saldo migratorio externo	Co resto de España	Co estranxeiro
2005	22.590	19.509	3.081	39.435	19.602	19.833	16.845	93	16.752
2006	25.281	21.372	3.909	42.882	19.934	22.948	17.601	-1.438	19.039
2007	28.189	22.722	5.467	47.772	21.386	26.386	19.583	-1.336	20.919
2008	26.916	19.481	7.435	44.726	22.561	22.165	17.810	3.080	14.730
2009	28.091	18.716	9.375	38.789	23.654	15.135	10.698	4.938	5.760
2010	28.842	19.672	9.170	35.489	21.611	13.878	6.647	1.939	4.708
2011	29.880	20.563	9.317	34.688	20.841	13.847	4.808	278	4.530
2012	29.441	19.551	9.890	30.687	20.365	10.322	1.246	814	432
2013	30.709	18.970	11.739	27.876	18.608	9.268	-2.833	-362	-2.471
2014	30.154	19.862	10.292	27.875	17.498	10.377	-2.279	-2.364	85

Fonte: INE, Estatística de variacións residenciais. Elaboración IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

(*) A partir do ano 2006, na emigración ao estranxeiro inclúense as baixas por caducidade.

No tempo da elaboración deste *Informe Sociolaboral* os últimos datos proporcionados polo INE sobre movementos migratorios son provisionais e corresponden ao primeiro semestre de 2015, período no que foron negativos os dous saldos migratorios de Galicia: inter-autonómico (-1.101 persoas) e co estranxeiro (-134). No primeiro saldo Galicia é a cuarta comunidade que máis poboación perde (tras as dúas Castelas, Andalucía e Extremadura) mentres que na saldo internacional hai 11 comunidades cun saldo máis negativo.

É ben doado comprender os importantes recursos empregados para a costear a formación especializada de persoas que van deixar o valor engadido polo seu traballo fóra de Galicia. Cómpre realizar un esforzo especial para procurar xerar aquí postos de traballo que permitan que os que opten pola saída da nosa comunidade sexa por propia vontade, non expulsados pola falla de futuro laboral na súa terra.

Todo apunta a que a emigración galega foi desde o comezo da crise moito maior que a rexistrada nos datos oficiais; o Secretario Xeral de Emigración da Xunta de Galicia recoñecía en declaración á prensa: “Está emigrando máis xente da que está recollida nos rexistros oficiais (...) a facilidade para a mobilidade determina que a xente que circula non teña que deixar constancia necesariamente en ningún tipo de rexistro. Polo tanto, as cifras oficiais son moi baixas (...) somos conscientes de que hai máis xente saíndo da que está recollida nos rexistros oficiais”.

Máis xente, pero ¿canta? Calquera estudo que axude á visibilidade da emigración que hoxe queda agochada nas estatísticas debe ser ben recibida.

Un estudo editado pola Universidade de Santiago na *Revista Galega de Economía* nos permite achegarnos máis á realidade. Computa a emigración galega intraestatal no período 2003-2010 en 315.155 persoas e sobrancea que das comunidades autónomas de destino, tres superan o limiar das 30.000 persoas: Madrid (70.601 persoas), Cataluña (38.172) e Canarias (32.152).

A desagregación por idades explicita que 270.150 persoas que emigraron no período estudado

eran menores de 45 anos (86% do total); se nos centramos nos menores de 30 anos, supoñen case a metade da emigración (147.141 persoas, un 46,6%).

Os titulados universitarios que se foron de Galicia de 2003 a 2010 foron 39.581 (un 12,5% do total de emigración), o que, segundo os autores do estudo, significa que a metade dos titulados universitarios no período analizado emigraron a outras comunidades autónomas na procura de emprego.

Ademais, 33.479 titulados en Formación Profesional emigraron de Galicia nese período, polo que a suma cos licenciados/graduados/diplomados universitarios ascendeu a 73.060 persoas. Velaí vai boa parte do noso capital humano, dos nosos recursos humanos máis cualificados, o que reflicte as graves deficiencias estruturais do tecido produtivo galego, incapaz de reter con emprego á súa poboación, e ao mesmo tempo trae como consecuencia o destrago de parte do potencial produtivo de Galicia, o achique da nosa fronteira de posibilidades de produción no futuro.

Ese mesmo estudo sinala que tan só un 26,6% da poboación ocupada en Galicia estima que o seu traballo se adecúa ao que estudou. Visto ao revés: un 73,4% da nosa poboación ocupada ten un emprego non vencellado cos seus estudos, velaí unha nidia debilidade do factor produtivo traballo na nosa comunidade, un atranco para a mellora da produtividade.

Focalizando no persoal de maior cualificación profesional das que estiman que o seu traballo non se adecúa ao que estudou, este estudo determina que “un 42% dos titulados superiores están en situación de subemprego en Galicia”.

4.2 Resumo das principais variables laborais

Comezaremos este epígrafe co estudo das grandes liñas do mercado de traballo en Galicia e España segundo os datos da *Encuesta de poboación activa* (EPA) das poboacións activa, ocupada, desempregada e inactiva.

A EPA elabóraa o INE desde 1964 coas técnicas estatísticas a partir dunha mostra continua de fogares; o seu obxectivo principal é estudar a poboación de alomenos 16 anos segundo a súa relación co mercado de traballo (poboacións activa, inactiva, ocupada e desempregada).

Os datos do cadro 4.16 explicitan os catro compoñentes en que se adoita dividir a poboación de alomenos 16 anos, segundo a súa actividade económica. Sobrancearemos que:

- A poboación activa galega baixou por terceiro ano consecutivo en 2015, anque menos intensamente cada vez. Nese trienio diminuíron en 57.000 as persoas activas (un 4,3%).

Cadro 4.16

Poboación de alomenos 16 anos, por actividade económica. Galicia. 2011-2015

	2011	2012	2013	2014	2015
Poboación activa	1316,6	1317,7	1290,9	1273,9	1260,7
Poboación ocupada	1089,3	1047,2	1006,4	998,0	1017,2
Poboación parada	227,2	270,5	284,6	275,8	234,4
Poboación inactiva	1086,9	1077,5	1091,4	1094,7	1097,5

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005

Fonte: INE. EPA. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

- A poboación ocupada de Galicia subiu en 2015, despois de cinco anos consecutivos de diminución, o que permitiu volver a rebordar o limiar do millón de persoas con emprego (1.017.200).

A partir do máximo de poboación de Galicia con emprego no ano 2008 (1.196.400 persoas) a forte crise económica traducíuse nunha fortísima destrución de emprego neto (198.400 ata 2014, o que supuxo unha caída acumulada do 16,6% nese sexenio).

- O paro estimado pola EPA, que medrara sempre no sexenio 2007-2013 (con especial intensidade en 2009 e 2012) diminuíu en 8.800 persoas en 2014 e, con moita máis intensidade, en 2015 (32.400 persoas).

Partindo da poboación desempregada de 2007 (98.700 persoas) subira o paro ata 2013 en 182.200 persoas en Galicia (incremento acumulado do 185% nese sexenio), o que reflicte un dos efectos máis dramáticos que tivo a crise económica no noso mercado laboral e do que, no bienio 2014-2015, comezou a se recuperar.

- A poboación inactiva medrou por terceiro ano consecutivo en 2015 (desta volta en 2.800 persoas, 200 menos que no ano anterior).

As persoas que desexen consultar a diferenciación por sexos da poboación galega de alomenos 16 anos segundo a súa actividade económica nos últimos anos, poden facelo no capítulo 5: “A muller no mundo laboral”. A ese mesmo capítulo remitimos ás persoas interesadas nun estudo máis polo miúdo da calquera outro aspecto que teña que ver co papel da muller no mundo do traballo para o mercado.

A comparanza da evolución nos últimos anos das poboacións activa, ocupada e desempregada de Galicia (vistas ao fío do cadro 4.16) podemos enxertalas en marcos territorial máis amplos (os de España e a Unión Europea) que nos sitúen o decorrer desas variables laborais na contorna estatal e da UE-28. Iso facemos para o último trienio cadro 4.17, do que sobrancearemos que:

* No conxunto da UE-28, Eurostat estima que a poboación activa subiu desde o terceiro trimestre de 2014 ata o mesmo de 2015 (último período do que temos datos) en 134.400

persoas. No conxunto de España, en contraposición, baixou nese mesmo período en 40.300 persoas.

Cadro 4.17

Balance do mercado de traballo en Galicia, España e UE. 2013-2015

	2013			2014			2015		
	Galicia	España	UE	Galicia	España	UE	Galicia	España	UE(*)
Poboación activa	1283,5	22.927,8	235.181,0	1.264,3	22.883,8	235.973,6	1.255,2	22.873,7	238.933,4
Poboación ocupada	1002,6	17.005,2	210.016,9	1.000,4	17.433,7	212.370,5	1.032,5	18.094,2	217.200,9
Poboación desempregada	280,9	5.922,6	25.164,1	263,8	5.450,1	23.603,1	222,7	4.779,5	21.732,5

(*) Datos en miles. Datos do cuarto trimestre de cada ano, agás UE 2015, que son do 3º trimestre

Fonte: INE (EPA) e EUROSTAT

* Se no total UE-28, Eurostat estima que a poboación ocupada subiu desde o terceiro trimestre de 2014 ata o terceiro de 2015 (último período do que temos datos) en máis de dous millóns de persoas (2.080.100), máis da cuarta parte

dese emprego neto xerouse en España (535.800, un 25,8%).

* A poboación desempregada na UE-28 baixou en 1.945.700 persoas no período sinalado nos dous parágrafos anteriores; case un 30% desa diminución do paro achegouna España (576.100 persoas, un 29,6%).

4.3 Poboación activa e taxa de actividade

Neste epígrafe afondaremos no estudo da taxa de actividade e da poboación activa galega no último trienio, situaremos os valores de Galicia nos contextos estatal e da UE-28 e desagregaremos por sexos e territorialmente os valores destas variables laborais.

4.3.1 Poboación activa

Comezaremos o estudo da poboación activa coa presentación da súa evolución por comunidades autónomas no último trienio, cos datos recollidos da EPA do cuarto trimestre de cada ano. O cadro 4.18 reflicte que:

- A poboación activa galega no cuarto trimestre de 2015 totalizou 1.255.200 persoas, 9.100 menos que no ano anterior, cunha caída moi inferior á de 2014 (19.200).
- A participación de Galicia na poboación activa de España en 2015 (5,5%) segue na mesma porcentaxe do ano anterior e quedou tres décimas por baixo do peso demográfico de Galicia no conxunto do Estado.

Cadro 4.18

Poboación activa por Comunidades Autónomas. 2013-2015*

	Miles			Distribución porcentual			Variacións anuais					
							Miles			%		
	2013	2014	2015	2013	2014	2015	2013	2014	2015	2013	2014	2015
Andalucía	4.033,5	4.077,6	4.017,7	17,5	17,7	17,6	-17,7	44,1	-59,9	-0,4	1,1	-1,5
Aragón	649,4	647,2	642,0	2,8	2,8	2,8	-24,5	-2,2	-5,2	-3,6	-0,3	-0,8
Asturias	484,1	473,7	471,2	2,1	2,1	2,1	-5,4	-10,4	-2,5	-1,1	-2,1	-0,5
Baleares	588,5	589,9	604,3	2,6	2,6	2,6	-14,3	1,4	14,4	-2,4	0,2	2,4
Canarias	1.104,0	1.100,8	1.110,4	4,8	4,8	4,9	3,4	-3,2	9,6	0,3	-0,3	0,9
Cantabria	282,1	278,0	274,6	1,2	1,2	1,2	-3,3	-4,1	-3,4	-1,2	-1,5	-1,2
Castela e León	1.165,7	1.155,3	1.145,3	5,1	5,0	5,0	-11,3	-10,4	-10,0	-1,0	-0,9	-0,9
Castela A Mancha	1.008,8	993,5	988,6	4,4	4,3	4,3	-7,1	-15,3	-4,9	-0,7	-1,5	-0,5
Cataluña	3.838,3	3.804,6	3.770,5	16,6	16,5	16,5	-49,4	-33,7	-34,1	-1,3	-0,9	-0,9
C. Valenciana	2.461,9	2.424,8	2.426,0	10,7	10,5	10,6	-10,3	-37,1	1,2	-0,4	-1,5	0,0
Estremadura	506,4	506,6	500,5	2,2	2,2	2,2	-9,6	0,2	-6,1	-1,9	0,0	-1,2
Galicia	1.283,5	1.264,3	1.255,2	5,6	5,5	5,5	-27,2	-19,2	-9,1	-2,1	-1,5	-0,7
Madrid	3.352,0	3.401,4	3.408,5	14,5	14,8	14,9	-87,9	49,4	7,1	-2,6	1,5	0,2
Murcia	725,0	722,1	701,2	3,1	3,1	3,1	2,6	-2,9	-20,9	0,4	-0,4	-2,9
Navarra	310,3	310,7	305,7	1,3	1,3	1,3	-7,9	0,4	-5,0	-2,5	0,1	-1,6
País Vasco	1.045,3	1.048,6	1.027,4	4,5	4,6	4,5	-22,9	3,3	-21,2	-2,1	0,3	-2,0
A Ríoxa	157,4	154,0	153,8	0,7	0,7	0,7	1,3	-3,4	-0,2	0,8	-2,2	-0,1
Ceuta	38,3	39,4	36,2	0,2	0,2	0,2	0,7	1,1	-3,2	1,9	2,9	-8,1
Melilla	36,3	34,4	34,6	0,2	0,1	0,2	1,1	-1,9	0,2	3,1	-5,2	0,6
España	23.070,9	23.026,8	22.873,7	100,0	100,0	100,0	-289,5	-44,1	-153,1	-1,2	-0,2	-0,7

*Os datos corresponden á serie revisada incorporando a nova base poboacional da EPA actualizada coas estimacións derivadas do Censo de Poboación e Vivendas de 2011, en substitución da baseada no Censo 2001

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do MESS: Informe Trimestral de Análisis del Mercado de Trabajo, nº 112, marzo 2015)

- A diminución da poboación activa de Galicia en 2015 foi dun 0,7% (a metade que en 2014), ao igual que a media estatal.

- Na desagregación por comunidades (e cidades) autónomas compróbase que a poboación activa só subiu en catro e fíxoo con especial intensidade en Baleares (2,4%). Baixou no resto (agás na comunidade valenciana, que repetiu dato) e as de maiores porcentaxes de caída foron Murcia (-2,9%) e a cidade autónoma de Ceuta (-8,1%).

4.3.2 Taxa de actividade

Cómpre, para comezar, facer unha precisión metodolóxica: salientaremos que poden usarse dúas variables distintas ao estudar a *taxa de actividade*.

Por unha banda, podemos definila como a porcentaxe de persoas activas respecto da poboación de 16 a 64 anos. Así, de cada cen persoas “potencialmente activas” (por razón de idade) teremos cantas integran a poboación activa (é dicir, as que están traballando ou buscan traballo activamente). Cando nos refiramos a ela, citarémola como a *taxa de actividade da poboación de 16 a 64 anos*.

Utilízaa moito Eurostat e conecta moi ben coa realidade económica, porque focaliza as persoas de máis de 15 anos e menos de 65, que son as que “potencialmente” interveñen activamente no mercado de traballo. A partir dos 65 anos a poboación, clasificada pola súa actividade económica, computa como xubilada, aunque sabemos que non é así en determinadas profesións (pois non todas teñen establecidas a mesma idade para xubilarse) e que, baixando ao nivel de cada persoa, pode xubilarse antes dos 65 anos ou seguir traballando despois de esa idade.

Por outra banda, podemos definir a taxa de actividade como a porcentaxe de persoas activas respecto da poboación de alomenos 16 anos. Así, de cada cen persoas de máis de quince anos cuantificamos cantas forman parte da poboación activa (é dicir, está traballando ou buscando traballo activamente). Cando nos refiramos, sen máis, á *taxa de actividade*, é a recollida nesta última definición.

Obviamente, se usamos esta segunda definición a taxa de actividade resultará menor que coa primeira, porque dividiremos un numerador igual (a poboación activa) entre un denominador maior (xa que nel figuran ademais as persoas de 65 ou máis anos). En países cunha estrutura poboacional máis avellentada (como Galicia), para un mesmo número de persoas activas a *taxa de actividade* é menor que noutros que teñan unha poboación máis nova.

No estudo diacrónico da taxa de actividade dun territorio, calquera das dúas taxas nos vale para explicar a súa evolución, pero cómpre que utilizemos a mesma e non as mesturemos.

O cadro 4.19 reflicte os valores do cuarto trimestre no último trienio da taxa de actividade da poboación de 16 a 64 anos nas distintas comunidades autónomas:

- Foi en Galicia dun 72,8% en 2015, dúas décimas máis que no ano anterior e 2,6 puntos porcentuais por baixo da taxa estatal, que en 2014 rexistrou o maior nivel da serie histórica da EPA (cun 75,6%).
- A taxa de actividade subiu en nove comunidades (ou cidades) autónomas e baixou en dez; o maior crecemento en 2015 foi o de Baleares (1,3%) e a diminución máis grande, a de Murcia (-1,9%) e a cidade autónoma de Ceuta (-4,3%).
- Madrid (80,2%) e Cataluña (78,7%) tiveron as taxas máis altas, mentres que as máis baixas foron as das dúas cidades autónomas (64,4%) e a de Asturias (70,4%). Galicia quedou en 2015, un ano máis, na parte baixa da clasificación das comunidades (e cidades) autónomas: tivo once por riba e sete por baixo (as dúas citadas xa neste parágrafo máis Extremadura, Andalucía, Cantabria e Murcia).

Cadro 4.19

Taxas de actividade da poboación*. Por comunidades autónomas. 2013-2015

	Valores das taxas en porcentaxe			Variacións anuais en puntos porcentuais		
	2013	2014	2015	2013	2014	2015
España	75,33	75,60	75,38	0,10	0,27	-0,22
Andalucía	72,38	73,13	72,18	0,06	0,75	-0,95
Aragón	76,26	76,52	76,55	-1,59	0,26	0,03
Asturias	69,93	69,92	70,36	0,27	-0,01	0,44
Baleares	76,63	76,53	77,86	-1,59	-0,10	1,33
Canarias	74,52	74,02	74,40	0,03	-0,50	0,38
Cantabria	72,99	72,51	72,20	0,27	-0,48	-0,31
C. A Mancha	73,77	74,24	74,38	0,45	0,47	0,14
C. León	74,34	73,87	74,13	0,54	-0,47	0,26
Cataluña	79,15	79,12	78,67	0,59	-0,03	-0,45
C. Valenciana	75,36	74,92	75,44	0,60	-0,44	0,52
Extremadura	70,80	71,38	70,70	-1,10	0,58	-0,68
Galicia	72,82	72,63	72,76	-0,57	-0,19	0,13
Madrid	78,75	80,00	80,16	-0,08	1,25	0,16
Murcia	74,36	74,60	72,71	0,52	0,24	-1,89
Navarra	75,35	75,98	74,85	-0,73	0,63	-1,13
País Vasco	75,33	76,09	74,96	0,02	0,76	-1,13
A Rioxa	77,53	76,16	77,11	2,23	-1,37	0,95
Ceuta	68,61	68,62	64,33	0,46	0,01	-4,29
Melilla	67,46	65,39	64,43	4,90	-2,07	-0,96

*Da poboación de 16 a 64 anos.

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano

Cadro tomado de: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social, Informe Trimestral de Análisis del Mercado de Trabajo*, nº 116, marzo 2016

A taxa de actividade galega da poboación de 16 a 64 anos (73%) quedou no terceiro trimestre de 2015 (o último dos que temos datos de Eurostat da UE-28 e da UEM) á par da taxa da Unión Europea (72,7%) e de España (73,4%). O problema grave, como veremos máis adiante neste mesmo capítulo, non está na valor da porcentaxe, senón en que unha parte moi relevante da poboación activa de Galicia (e tamén do Estado español) non se aproveita produtivamente: está desempregada.

As persoas que desexen estudar a diferenciación por sexos da taxa de actividade de cada comunidade autónoma e do total español, poden facelo, como xa sinalamos anteriormente, coa consulta do cadro 4.20 ou do capítulo 5 deste Informe.

Cadro 4.20

Taxa de actividade*. Por comunidades autónomas e sexo. 2013-2015.

	Taxa de actividade			Variación da taxa en puntos porcentuais		
	2013	2014	2015	2013	2014	2015
HOMES						
España	80,74	81,02	80,55	-0,18	0,28	-0,47
Andalucía	78,71	79,53	78,39	0,23	0,82	-0,14
Aragón	81,45	82,26	81,87	-2,02	0,81	-0,39
Asturias	74,53	73,74	72,48	-0,16	-0,79	-1,26
Baleares	83,41	82,13	81,50	-0,33	-1,28	-0,63
Canarias	79,94	79,17	80,68	0,14	-0,77	1,51
Cantabria	78,71	78,46	77,29	-0,09	-0,25	-1,17
C. A Mancha	79,36	80,01	79,77	-0,64	0,65	-0,24
C. León	82,02	81,23	80,60	0,43	-0,79	-0,63
Cataluña	83,84	83,72	83,28	0,30	-0,12	-0,44
C. Valenciana	81,13	81,27	80,78	-0,54	0,14	-0,49
Extremadura	76,64	78,66	77,75	-2,40	2,02	-0,91
Galicia	76,78	76,63	76,42	-1,17	-0,15	-0,21
Madrid	82,98	84,18	84,41	-0,37	1,20	0,23
Murcia	81,62	81,38	80,06	0,92	-0,24	-1,32
Navarra	80,63	81,00	78,22	-0,04	0,37	-2,78
País Vasco	79,91	80,14	79,38	0,01	0,23	-0,76
A Ríoxa	81,64	81,60	83,68	0,06	-0,04	2,08
Ceuta	77,07	79,41	74,78	-0,28	2,34	-4,63
Melilla	79,25	72,81	77,73	8,54	-6,44	3,92
MULLERES						
España	69,87	70,16	70,19	0,40	0,29	0,03
Andalucía	65,97	66,66	65,91	-0,09	0,69	-0,75
Aragón	70,86	70,55	71,05	-1,13	-0,31	0,50
Asturias	65,40	66,16	68,29	0,70	0,76	2,13
Baleares	69,65	70,79	74,13	-2,85	1,14	3,34
Canarias	69,04	68,82	68,08	-0,05	-0,22	-0,74
Cantabria	67,21	66,50	67,07	0,64	-0,71	0,57
C. A Mancha	67,93	68,22	68,78	1,59	0,29	0,56
C. León	66,14	66,02	67,24	0,68	-0,12	1,22
Cataluña	74,44	74,52	74,06	0,93	0,08	-0,46
C. Valenciana	69,49	68,48	70,04	1,79	-1,01	1,56
Extremadura	64,67	63,75	63,30	0,26	-0,92	-0,45
Galicia	68,89	68,65	69,13	0,04	-0,24	0,48
Madrid	74,73	76,02	76,11	0,22	1,29	0,09
Murcia	66,75	67,52	65,05	0,14	0,77	-2,47
Navarra	69,89	70,79	71,38	-1,39	0,90	0,59
País Vasco	70,77	72,07	70,60	0,06	1,30	-1,47
A Ríoxa	73,31	70,58	70,43	4,65	-2,73	-0,15
Ceuta	59,45	56,76	53,04	1,50	-2,69	-3,72
Melilla	55,14	57,80	51,81	1,48	2,66	-5,99

*Da poboación de 16 a 64 anos.

Fonte: INE. EPA, datos do 4º trimestre de cada ano

Cadro tomado de: MESS, informe trimestral de análisis del mercado de trabajo, nº 116, marzo 2016

4.4 Poboación ocupada. Taxa de ocupación

De forma semellante ao estudo que no anterior epígrafe fixemos coa poboación activa, centrarémonos agora na poboación ocupada; en primeiro lugar estudaremos a súa evolución no último trienio nas distintas comunidades autónomas; despois faremos o mesmo coa taxa de ocupación e situaremos os valores en Galicia desta variable laboral no contexto estatal e da UE. Posteriormente analizaremos cómo se distribúe en Galicia por sexos, provincias, sectores económicos, situación profesional e tipos de contrato (temporal ou definitivo, a tempo parcial ou completo, no sector privado ou no público).

4.4.1. Poboación ocupada

O cadro 4.21 reflicte os datos da poboación ocupada en cada unha das comunidades autónomas no cuarto trimestre ao longo do último trienio, así como a porcentaxe que cada comunidade representa no emprego total español e máis a variación que presentou cada unha delas. Salientaremos que:

- Galicia pechou 2015 con 1.032.500 persoas ocupadas, trala relevante creación de emprego neto no último ano (31.200 postos de traballo).
- A suba porcentual da poboación ocupada de Galicia en 2015 (3,2%) foi superior á do conxunto do Estado (3%).
- O emprego subiu no ano 2015 en todas as comunidades (e cidades) autónomas; agás en Cantabria (-0,4%). As maiores porcentaxe de suba da ocupación rexistrárono nese ano Canarias (7,2%), Baleares (4,8%) e Castela-A Mancha (4,4%).

Cadro 4.21

Poboación ocupada. Por comunidades autónomas. 2012-2014*

	Miles			Distribución porcentual			Variacións anuais					
							Miles			%		
	2013	2014	2015	2013	2014	2015	2013	2014	2015	2013	2014	2015
Andalucía	2.571,0	2.681,8	2.819,4	15,0	15,3	15,6	-33,4	110,8	137,6	-1,3	4,3	5,1
Aragón	515,7	526,5	548,3	3,0	3,0	3,0	-32,0	10,8	21,8	-5,8	2,1	4,1
Asturias	376,2	375,2	375,4	2,2	2,1	2,1	3,3	-1,0	0,2	0,9	-0,3	0,1
Baleares	454,8	478,5	501,5	2,7	2,7	2,8	-1,5	23,7	23,0	-0,3	5,2	4,8
Canarias	738,7	758,7	813,3	4,3	4,3	4,5	-3,1	20,0	54,6	-0,4	2,7	7,2
Cantabria	226,2	226,8	226,0	1,3	1,3	1,2	-4,4	0,6	-0,8	-1,9	0,3	-0,4
Castela e León	909,0	921,0	943,9	5,3	5,2	5,2	-23,9	12,0	22,9	-2,6	1,3	2,5
Castela A Mancha	716,4	710,3	741,7	4,2	4,0	4,1	6,0	-6,1	31,4	0,8	-0,9	4,4
Cataluña	2.998,8	3.048,1	3.101,9	17,5	17,3	17,1	36,7	49,3	53,8	1,2	1,6	1,8
C. Valenciana	1.793,5	1.855,4	1.905,6	10,5	10,6	10,5	4,1	61,9	50,2	0,2	3,5	2,7
Estremadura	342,4	354,8	360,0	2,0	2,0	2,0	1,7	12,4	5,2	0,5	3,6	1,5
Galicia	1.002,6	1.000,4	1.032,5	5,9	5,7	5,7	-31,2	-2,2	32,1	-3,0	-0,2	3,2
Madrid	2.666,4	2.789,0	2.845,7	15,6	15,9	15,7	-109,0	122,6	56,7	-3,9	4,6	2,0
Murcia	518,4	525,3	536,3	3,0	3,0	3,0	8,2	6,9	11,0	1,6	1,3	2,1
Navarra	259,3	264,3	264,4	1,5	1,5	1,5	-4,3	5,0	0,1	-1,6	1,9	0,0
País Vasco	872,0	874,5	894,9	5,1	5,0	4,9	-18,9	2,5	20,4	-2,1	0,3	2,3
A Ríoxa	125,5	127,5	132,3	0,7	0,7	0,7	-1,2	2,0	4,8	-0,9	1,6	3,8
Ceuta y Melilla	48,2	50,8	51,1	0,3	0,3	0,3	-1,3	2,6	0,3	-2,6	5,4	0,6
España	17.135,2	17.569,1	18.094,2	100,0	100,0	100,0	-204,2	433,9	525,1	-1,2	2,5	3,0

*Os datos corresponden á serie revisada incorporando a nova base poboacional da EPA actualizada coas estimacións derivadas do Censo de Poboación e Vivendas de 2011 en substitución da baseada no Censo 2001.

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano

Tomado de: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, Informe Trimestral de Análisis del Mercado de Trabajo, nº 116, marzo 2016

- A participación de Galicia no total de ocupación española en 2015 mantívose na mesma porcentaxe do ano anterior: 5,7%, moi lixeiramente por baixo do noso peso demográfico no conxunto do Estado (5,84%).

4.4.2 Taxa de ocupación

Cómpre, para comezar este apartado, facer unha precisión metodolóxica: poden usarse dúas variables distintas no estudo da *taxa de ocupación*.

Podemos definila, nunha primeira acepción, como a porcentaxe de persoas ocupadas respecto da poboación de 16 a 64 anos. Así, de cada cen persoas “potencialmente activas” (por razón de idade) cuantificamos cantas traballan. Cando nos refiramos a ela, citarémola como *taxa de ocupación da poboación de 16 a 64 anos*.

É moi utilizada por *Eurostat*, e conecta moi ben coa realidade económica, porque focaliza as persoas de idades superiores aos 15 anos e inferiores a 65, que son as que “potencialmente” interveñen activamente no mercado de traballo; desde os 65 anos a poboación, clasificada pola súa actividade económica, está maioritariamente xubilada anque, baixando ao nivel de cada persoa, pode xubilarse antes dos 65 anos ou seguir traballando despois de esa idade.

Alternativamente, podemos definir a taxa de ocupación como a porcentaxe de persoas con emprego respecto da poboación de alomenos 16 anos. Así, de cada cen persoas de máis de quince anos, reflectimos cantas teñen emprego.

Obviamente, se usamos esta segunda definición, a taxa de ocupación resultará menor, porque dividiremos un numerador igual (a poboación ocupada) entre un denominador superior (porque nel figuran “a maiores” as persoas de 65 ou máis anos). Cando nos refiramos simplemente á *taxa de ocupación*, será a recollida nesta segunda definición.

En países cunha estrutura poboacional máis envellecida (como Galicia), a igual poboación ocupada, a taxa de ocupación será menor que noutro cunha estrutura de idades máis nova.

No estudo diacrónico da taxa de actividade dun territorio, a taxa de actividade nos vale en calquera das dúas formas; o que non podemos é mesturalas, porque non habería coherencia nos datos.

As taxas de ocupación da poboación de 16 a 64 anos nas distintas comunidades autónomas no cuarto trimestre do último trienio recollémolas no cadro 4.22.

- A taxa galega en 2015 subiu 2,4 puntos porcentuais (medio punto máis que a media española).
- Galicia pechou 2015 cunha taxa do 59,7%, dúas décimas por riba do promedio estatal, mentres no ano anterior estaba dúas décimas por baixo.

- En 2015 todas as comunidades autónomas e Ceuta subiron as súas taxas de ocupación da poboación de 16 a 64 anos. No cuarto trimestre de 2015 as comunidades con maiores taxas foron Madrid e A Ríoxa (as dúas por riba do 66%), mentres que as menores tiverónas as dúas cidades autónomas, igual que no bienio anterior, as dúas cidades autónomas, Andalucía e Extremadura (as catro por baixo do 51%).

Cadro 4.22

Taxas de ocupación*. Por comunidades autónomas. 2013-2015

	Valores das taxas En porcentaxe			Variacións anuais En puntos porcentuais		
	2013	2014	2015	2013	2014	2015
	55,87	57,60	59,53	0,1	1,73	1,93
España						
Andalucía	46,06	47,97	50,54	-0,37	1,91	2,57
Aragón	60,48	62,17	65,31	-2,68	1,69	3,14
Asturias	54,19	55,32	55,95	1,26	1,13	0,63
Baleares	59,22	62,02	64,49	0,13	2,80	2,47
Canarias	49,80	50,89	54,33	-0,24	1,09	3,44
Cantabria	58,49	59,08	59,32	-0,21	0,59	0,24
C. León	57,47	59,12	61,20	-0,57	1,65	2,08
C.a Mancha	52,68	52,75	55,55	1,16	0,07	2,80
Cataluña	61,74	63,33	64,65	2,02	1,59	1,32
C. Valenciana	54,81	57,24	59,18	0,78	2,43	1,94
Extremadura	47,78	49,91	50,75	0,37	2,13	0,84
Galicia	56,76	57,37	59,74	-1,0	0,61	2,37
Madrid	62,65	65,52	66,84	-0,83	2,87	1,32
Murcia	53,06	54,20	55,57	1,04	1,14	1,37
Navarra	62,96	64,60	64,66	0,05	1,64	0,06
País Vasco	62,78	63,40	65,24	0,05	0,62	1,84
A Ríoxa	61,76	62,96	66,28	0,70	1,20	3,32
Ceuta	43,08	46,28	49,32	0,73	3,20	3,04
Melilla	44,54	45,92	43,50	-1,44	1,38	-2,42

*Da poboación de 16 a 64 anos.

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano

Cadro tomado de: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social, Informe Trimestral de Análisis del Mercado de Trabajo,*

nº 116, marzo 2016

Ao peche da elaboración deste *Informe Sociolaboral* os últimos datos da UE e da UEM correspondían ao terceiro trimestre de 2015. As taxas de ocupación da poboación de 16 a 64 anos de Galicia e España nese trimestre foron respectivamente: 59,99% e 59,34%, por baixo das porcentaxes que Eurostat proporciona para a UE-28 (66,1%) e a UEM (64,9%).

Xa en anteriores *Informes Sociolaborais* subliñamos a gravidade de que as economías galega e española teñan unhas taxas de ocupación da poboación de 16 a 64 anos tan baixas en comparanza coa do conxunto da Unión Europea (6,2 puntos porcentuais menos en Galicia e 6,8 en España) porque reflicte a incapacidade para dar unha saída produtiva eficiente aos nosos recursos humanos, imprescindible para a converxencia real cos países máis desenvolvidos economicamente.

Estes datos reflicten, en definitiva, que, en comparanza coa media da UE, entre seis e sete de

cada cen persoas de Galicia “potencialmente activas” por razón da súa idade (as de 16 a 64 anos) non poden facer a súa achega co seu traballo á xeración de riqueza no noso país.

A converxencia da taxa media da emprego galega coa da UE implicaría (supoñendo que a produtividade media actual, se mantivese estable) un recorte de 6,4 puntos porcentuais no diferencial do PIB por habitante entre Galicia e o promedio da Unión Europea.

Mentres non academos ese obxectivo, boa parte do noso capital humano debe buscar o seu emprego fóra de Galicia; moito corresponde a persoal cualificado (maioritariamente con estudos universitarios ou de ciclos formativos de FP) que, despois de formarse aquí, vai deixar o froito do seu traballo fóra, noutros territorios con maior desenvolvemento económico-social e capacidade de xeración de emprego.

Comunidades autónomas que están por diante de nós na xeración de riqueza (como Madrid, Navarra, País Vasco, Cataluña, Baleares, Aragón e A Ríoxa) teñen taxas de ocupacións semellantes á media da UE (nas sete comunidades entre un 64,5% e un 66,8%, e na UE no 66,1%), sinal inequívoco de que están a aproveitar moito mellor que Galicia para a actividade produtiva os recursos humanos dos que dispoñen.

As persoas interesadas na desagregación por sexos das taxas de ocupación das distintas comunidades (e cidades) autónomas poden consultalas no cadro 4.23.

Cadro 4.23

Taxas de ocupación¹. Por comunidades autónomas e sexos. 2013-2015*

	Valores das taxas			Variacións En puntos porcentuais		
	2013	2014	2015	2013	2014	2015
HOMES						
España	60,42	62,45	64,76	0,18	2,03	2,31
Andalucía	51,80	54,23	56,91	0,25	2,43	2,68
Aragón	65,04	69,46	72,16	-4,49	4,42	2,70
Asturias	58,45	58,66	57,09	1,56	0,21	-1,57
Baleares	63,00	65,73	67,20	-0,20	2,73	1,47
Canarias	52,49	55,17	59,52	-0,85	2,68	4,35
Cantabria	64,08	63,26	63,91	0,51	-0,82	0,65
C. A Mancha	62,74	65,33	67,73	-1,78	2,59	2,40
C. León	60,12	60,95	63,44	0,11	0,83	2,49
Cataluña	65,06	66,78	69,46	2,23	1,72	2,68
C. Valenciana	59,73	62,80	64,27	0,43	3,07	1,47
Extremadura	53,90	57,09	59,24	-0,10	3,19	2,15
Galicia	59,34	60,60	63,37	-	1,26	2,77
Madrid	66,84	68,67	70,53	0,17	1,83	1,86
Murcia	59,10	60,79	63,53	1,88	1,69	2,74
Navarra	68,17	68,84	68,76	1,16	0,67	-0,08
País Vasco	66,52	66,52	69,55	0,04	0,00	3,03
A Ríoxa	66,85	70,32	71,70	0,38	3,47	1,38
Ceuta	51,94	56,86	61,25	-2,50	4,92	4,39
Melilla	51,73	56,84	54,68	-2,22	5,11	-2,16
MULLERES						
España	51,28	52,71	54,29	0,12	1,43	1,58
Andalucía	40,28	41,65	44,11	-0,98	1,40	2,46
Aragón	55,75	54,60	58,22	-0,97	-1,15	3,62
Asturias	50,00	52,05	54,82	0,98	2,05	2,77
Baleares	55,32	58,22	61,72	0,47	2,90	3,50
Canarias	47,08	46,57	49,10	0,40	-0,51	2,53
Cantabria	52,84	54,85	54,70	-0,93	2,01	-0,15
C. A Mancha	51,98	52,64	54,40	0,72	0,66	1,76
C. León	44,75	44,02	47,16	2,34	-0,73	3,14
Cataluña	58,40	59,88	59,86	1,82	1,48	-0,02
C. Valenciana	49,80	51,59	54,02	1,15	1,79	2,43
Extremadura	41,36	42,37	41,85	0,87	1,01	-0,52
Galicia	54,19	54,17	56,15	-0,2	-0,02	1,98
Madrid	58,66	62,52	63,33	-1,78	3,86	0,81
Murcia	46,72	47,31	47,27	0,19	0,59	-0,04
Navarra	57,56	60,22	60,45	-1,07	2,66	0,23
País Vasco	59,06	60,30	60,97	0,09	1,24	0,67
A Ríoxa	56,52	55,42	60,78	1,09	-1,10	5,36
Ceuta	33,50	34,66	36,42	4,55	1,16	1,76
Melilla	37,02	34,76	32,03	-0,27	-2,26	-2,73

1) Da poboación de 16 a 64 anos

*Os datos corresponden á serie revisada incorporando a nova base poboacional da EPA actualizada coas estimacións derivadas do Censo de Poboación e Vivendas de 2011, en substitución da baseada no Censo 2001

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano

No cadro 4.24 presentamos, en medias anuais, unha visión diacrónica das taxas de ocupación da poboación de 16 a 64 anos en España e no conxunto da Unión Europea. De 2007 a 2014

subliñaremos que:

- Partindo dunha taxa de emprego (16-64 anos) lixeiramente maior en España que na UE en 2007 (unha diferenza de 0,5 puntos), o ano anterior ao comezo da forte crise económica que xa estudamos no primeiro epígrafe do capítulo 1, España non volveu a acadar unha taxa de ocupación maior que a Unión Europea; o maior impacto da crise económica no Estado español fixo que a diferenza se abrise máis e máis a prol da UE ata 2013 (quedou co diferencial máximo: 9,4 puntos). En 2014 a maior suba da taxa de emprego (16-64 anos) de España (1,2 puntos) que a da UE (0,8) reduciu o diferencial a nove puntos (o segundo valor máis alto do que vai de século XXI).
- A “gran recesión” de 2009 e máis o bienio 2012-2013 foron claves na apertura do diferencial, porque neles a caída estatal (4,5 e 3,2 puntos porcentuais respectivamente) foron moito maiores que na Unión Europea: 1,3 no ano 2009... e tan só unha décima no bienio 2012-2013.

Cadro 4.24

Taxas de ocupación da poboación 16-64 anos. España/UE. 2007-2014

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
España	65,8	64,5	60,0	58,9	58,0	55,8	54,8	56,0
UE	65,3	65,8	64,5	64,2	64,3	64,2	64,2	65,0
Diferencial España-UE	0,5	-1,3	-4,5	-5,3	-6,3	-8,4	-9,4	-9,0

Elaboración propia

Datos en miles, en medias anuais.

Fonte: INE (EPA) e Eurostat

No cadro 4.25 presentamos as taxas de ocupación das sete maiores cidades de Galicia presentámolas para o último bienio no cadro 4.25. Sobrancearemos que:

Cadro 4.25

Taxas de ocupación das sete maiores cidades de Galicia. 2014-2015

	2014	2015
A Coruña	45,00	45,20
Lugo	52,20	51,50
Ourense	48,60	44,10
Pontevedra	41,60	47,20
Compostela	54,20	54,10
Vigo	45,90	45,50
Ferrol	38,00	34,00
Galicia	42,30	43,90

Datos en miles, 4º trimestre

Fonte: IGE, INE (EPA)

- Só as cidade de Pontevedra (lixeiramente) e A Coruña (lixeiramente) melloraron as súas taxas de emprego en 2015; nas outras cinco, a diminución foi especialmente grande en Ourense e Ferrol (alomenos catro puntos porcentuais cada unha).

- Só Ferrol rematou 2015 cunha taxa de ocupación inferior á media de Galicia; un ano antes, tamén Pontevedra estaba nesa situación.

No cadro 4.26 ofrecemos a desagregación por sexos e provincias das taxas de actividade, pois pode ser un bo instrumento para unha análise máis polo miúdo para persoas que se acheguen ao estudo deste índice laboral.

Cadro 4.26

Taxa de ocupación. Por sexo e provincia. 2011-2015

	Total	Homes	Mulleres
GALICIA			
2011	45,3	50,9	40,2
2012	43,7	48,3	39,5
2013	42,2	46,5	38,3
2014	42,1	46,2	38,4
2015	43,1	47,7	39,0
A Coruña			
2011	46,9	52,3	42,0
2012	45,9	50,2	42,0
2013	44,1	48,3	40,3
2014	44,1	48,1	40,5
2015	45,2	49,9	40,9
Lugo			
2011	46,1	51,4	41,1
2012	43,3	46,6	40,1
2013	42,1	45,7	38,8
2014	41,7	45,7	37,9
2015	43,6	47,7	39,8
Ourense			
2011	41,0	46,3	36,1
2012	39,2	44,4	34,3
2013	36,4	39,8	33,2
2014	37,2	40,3	34,4
2015	38,0	40,7	35,5
Pontevedra			
2011	44,7	50,8	39,0
2012	42,8	48,1	38,0
2013	42,1	47,0	37,5
2014	41,7	46,3	37,4
2015	42,2	47,4	37,5

Medias anuais

INE. Enquisa de poboación activa.

4.4.3. Distribución da poboación ocupada por sexos, sectores económicos, grupo de idade, situacións profesionais e tipo de contrato.

A distribución da poboación ocupada de Galicia por sectores que recolle o cadro 4.27 permítenos ver a evolución no último cuatrienio. Salientaremos que:

- A poboación ocupada galega subiu en 2015 globalmente e máis en catro dos cinco sectores analizados: o agro-gandeiro-forestal foi o único no que diminuíu o emprego.

- No último cuadrienio, baixou a poboación ocupada os catro anos nun sectores: agro-gandeiro-forestal; na construción baixou tres anos seguidos e subiu en 2015; nos outros tres sectores baixou dos anos (2012 e 2013) e subiu en 2014 e 2015.

Cadro 4.27**Poboación ocupada por sector económico. Galicia 2011-2015**

Total sectores		
	2011	1.089,3
	2012	1.047,2
	2013	1.006,4
	2014	998,0
	2015	1.017,2
Agricultura, gandería, caza e silvicultura		
	2011	64,8
	2012	59,3
	2013	56,3
	2014	49,1
	2015	45,6
Pesca e acuicultura		
	2011	18,7
	2012	20,3
	2013	18,1
	2014	17,0
	2015	18,1
Industria		
	2011	176,4
	2012	164,9
	2013	153,3
	2014	154,0
	2015	159,5
Construción		
	2011	91,3
	2012	79,3
	2013	69,3
	2014	67,1
	2015	73,6
Servizos		
	2011	738,1
	2012	723,4
	2013	709,4
	2014	710,7
	2015	720,4

Datos en medias anuais.

INE. Enquisa de poboación activa.

- O sector dos servizos, a auténtica columna vertebral do emprego en Galicia e nos Estados máis desenvolvidos socioeconomicamente, concentra en 2015 un 70,8% do emprego total galego (0,4 puntos porcentuais menos que no ano anterior), aunque segue por baixo da media estatal, do promedio da UE e máis do conxunto das nacións máis desenvolvidas do mundo.

Resulta interesante a comparanza da distribución porcentual da poboación ocupada por sectores económicos de Galicia e España, pois achéganos un apunte da diferente estrutura económica dos dous espazos. Ao fío dos datos do cadro 4.28 subliñaremos que:

- A porcentaxe estatal de poboación con emprego agrario no sector primario (4,3%) é moi inferior á galega (6,3%).

Cadro 4.28

Distribución porcentual da poboación ocupada por sectores económicos. Galicia/España. 2015

	Agro-Pesqueiro	Industria	Construción	Servizos
Galicia	6,3	15,4	7,3	70,9
España	4,3	13,6	5,9	76,2

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre

- Na industria é un 15,4% en Galicia mentres que en España queda 2,8 puntos porcentuais por baixo (13,6%).
- En Galicia traballa na construción un 7,3% da poboación ocupada, bastante por riba da porcentaxe do emprego neste sector no total de España (5,9%).
- Nos servizos, Galicia (cun 70,9%) quedou en 2015 máis de cinco puntos (5,3) por baixo da porcentaxe media española.

A poboación máis nova é a que estar a sufrir máis duramente a perda do emprego nesta dura crise económica: as persoas de 16 a 34 anos concentraron máis do 80% da caída da ocupación neta en Galicia de 2010 a 2014.

Para analizar a evolución en Galicia no último quinquenio das situacións profesionais da poboación ocupada presentamos o cadro 4.29. Salientaremos que:

- A poboación asalariada do sector privado, que diminuíra en cada un dos tres anos de 2012 a 2014 (moi lixeiramente en 2014) subiu en 2015 en 22.400 persoas, ata recuperar o nivel do ano 2012. No cuadrienio analizado baixou o emprego neto privado en 31.400 postos de traballo (un 4,8%).
- A poboación empregada no sector público, en cambio, baixou en 2015, como xa fixera no bienio 2012-2013. No último cuadrienio perdéronse 20.700 postos de traballo neste sector (un 10,3% dos que había en Galicia en 2011).
- O conxunto da poboación asalariada de Galicia en 2015 (800.200 persoas) representa un 78,7% da poboación ocupada, seis décimas máis que no ano anterior e ao redor de tres puntos porcentuais por baixo da porcentaxe estatal.

Cadro 4.29

Poboación ocupada por situación profesional. Galicia 2011-2015.

Total poboación ocupada		
	2011	1.089,3
	2012	1.047,2
	2013	1.006,4
	2014	998,0
	2015	1.017,2
Empresario con asalariados		
	2011	71,2
	2012	69,7
	2013	64,3
	2014	65,2
	2015	68,9
Traballador independente ou empresario sen asalariados		
	2011	153,1
	2012	155,1
	2013	156,7
	2014	143,7
	2015	139,9
Asalariado do sector público		
	2011	201,7
	2012	192,1
	2013	176,8
	2014	182,7
	2015	181,0
Asalariado do sector privado		
	2011	650,6
	2012	618,0
	2013	598,5
	2014	596,8
	2015	619,2
Axuda na empresa ou negocio familiar		
	2011	11,2
	2012	10,0
	2013	7,9
	2014	7,4
	2015	7,0
Outros		
	2011	1,4
	2012	2,3
	2013	2,1
	2014	2,2
	2015	1,3

Datos en miles. Medias anuais.

- Séguelle á poboación asalariada en importancia cuantitativa do emprego os traballadores independentes ou empresarios sen asalariados, con 139.900 persoas. Baixou por segundo ano consecutivo, rachando co (lixeiro) ascenso do bienio anterior.

- A terceira posición ocúpana os empresarios con persoas asalariadas: 68.900 en 2015, cunha suba no último bienio, trala diminución do bienio 2012-2013.

- As persoas que traballan axudando na empresa a familiares seguiron a baixar, un ano máis. A tendencia nidiamente descendente a longo prazo fixo que en 2015 sexan tan só 7.000 persoas (tan só un 0,7% da poboación ocupada en Galicia).

A desagregación das persoas asalariadas segundo o contrato teña duración determinada (contrato temporal) ou non (indefinido) que recolle o cadro 4.30 para o último quinquenio reflicte que:

- En cada un dos tres anos de período 2012-2014 baixaron en Galicia os contratos indefinidos (moi lixeiramente en 2014) e en 2015 repetiu o dato do ano anterior. No total do cuadrienio analizado, o emprego indefinido baixou moito: perda neta de 46.900 postos de traballo, un 7,3%..

- Pola contra, a contratación temporal, que baixara no bienio 2012-2013, subiu en 2014 e 2015 (con especial intensidade no último ano). No conxunto do cuadrienio, o emprego temporal baixou moito menos que o indefinido (en 5.200 postos de traballo, un 2,5%).

Cadro 4.30

Contratación indefinida e temporal Galicia 2011-2015

	De duración indefinida					Temporal				
	2011	2012	2013	2014	2015	2011	2012	2013	2014	2015
Galicia	643,6	624,4	598,6	596,6	596,7	208,7	185,7	176,7	182,9	203,5

Datos en miles. Medias anuais.

Fonte: INE, EPA

- A taxa de temporalidade de Galicia (ou porcentaxe da poboación asalariada cun contrato temporal) foi en 2015 dun 23'5%, dous puntos máis que no ano anterior.

A contratación indefinida, é, xa que logo, a que ten en 2015 un 76,5% da poboación asalariada de Galicia.

Os mínimos prazos de moitos contratos temporais en Galicia en 2015 expoñémolos no cadro 4.31: "falan" por si sós.

Cadro 4.31

Duración dos contratos temporais. Galicia. 2015

	< 1 mes	De 1 a 3 meses	De 4 a 6 meses	De 7 a 11 meses	Entre 1 e 2 anos	Entre 2 e 3 anos	De 3 anos ou mais	Non saben duración do contrato		
								Non saben duración	pero > 1 mes	pero < 1 mes
Galicia	9,5	27,5	34,0	11,8	25,0	3,2	17,5	7,7	66,2	1,1

Datos en miles. Medias anuais.

Fonte: IGE, INE, EPA

A distribución da poboación asalariada entre a que traballa a tempo completo e a que o fai a tempo parcial figura no cadro 4.32 para o último cuadrienio.

Nel podemos ollar:

- A tendencia de diminución dos contratos con xornada completa en Galicia no trienio

2012-2014 (máis pequena en 2014) e a suba de 15.500 empregos nesta modalidade de contratación en 2015. En 2015 hai 86.900 contratos a tempo completo menos que en 2011.

- A contratación a tempo parcial seguiu en 2015 a tendencia de suba do último cuadrenio (coa única excepción de 2014). En 2015 hai 14.700 empregos máis deste tipo que en 2011.

Cadro 4.32

**Persoas asalariadas por tipo
de xornada e sexo. Galicia 2011-2015**

	TOTAL	
	Completa	Parcial
2011	958,2	131,2
2012	911,6	135,6
2013	861,2	145,2
2014	855,8	142,2
2015	871,3	145,9

Datos en miles. Medias anuais.

IGE - INE. Enquisa de poboación activa

Se afondamos na EPA para coñecer o motivo que explicitan as persoas que están contratadas a xornada parcial, comprobamos que en Galicia dúas de cada tres non a teñen porque a elixan así por axeitarse mellor ás súas necesidades, senón porque non poden atopar traballo a tempo completo; e isto dáse tanto nos homes como nas mulleres.

Nos capítulos 5 e 7 deste Informe Sociolaboral ampliamos a información relativa ás modalidades de contratación, polo que remitimos alí ás persoas interesadas en afondar nesta cuestión.

4.5. Poboación desempregada e taxa de paro

4.5.1 Poboación desempregada

Rematado o estudo da poboación ocupada, comezamos a análise doutro compoñente da poboación activa -a poboación desempregada- ao través dos datos que proporcionan as Enquisas de Poboación Activa elaboradas polo INE.

Seguindo o esquema utilizado nos epígrafes anteriores, estudaremos primeiramente a poboación desempregada nas distintas comunidades autónomas e logo as súas taxas de paro. Posteriormente afondaremos na distribución por sexos, provincias, grupos de idade e por tempo na procura de emprego.

O cadro 4.33 recolle, cos datos do cuarto trimestre de cada ano, a poboación desempregada nas distintas comunidades (e cidades) autónomas no último trienio. Salientaremos que:

- En 2015 houbo en Galicia unha forte diminución das persoas desempregadas (41.100).
- A diminución porcentual do desemprego de Galicia en 2015 (-15,6%) foi máis do dobre que no ano anterior (-6,1%) e superou ao promedio estatal, que baixou un 12,4%.

Cadro 4.33**Persoas Asalariadas. Sector público e privado. Galicia. 2012-2015**

	Sector público				Sector privado			
	2012	2013	2014	2015	2012	2013	2014	2015
Galicia	192,1	176,8	182,7	181,0	618,0	598,5	596,8	619,2

Datos en miles. Medias anuais. Fonte: INE (EPA)

- A menor diminución porcentual do paro no conxunto do Estado que en Galicia en 2015 fixo que baixase unha décima peso relativo da poboación desempregada de Galicia no total estatal (un 4,7% agora), porcentaxe 1,1 puntos porcentuais menos que o noso peso relativo demográfico en España (5,8%).
- Nun ano de diminución do desemprego en todas as comunidades e cidades autónomas (agás en Melilla) as maiores baixadas porcentuais tivéronas, por esta orde, o País Vasco (23,4%) e Aragón (22,4%).
- Só Ceuta, País Vasco, Aragón e Murcia tiveron en 2015 baixadas porcentuais da poboación desempregadas maiores que a de Galicia.

4.5.2 Taxa de desemprego

O seguimento comparativo das taxas de paro (porcentaxe de persoas desempregadas sobre a poboación activa) nas distintas comunidades autónomas no cuarto trimestre do último trienio farémolo ao fío da cadro 4.34.

Cadro 4.34

Poboación desempregada. Por comunidades autónomas. 2013-2015*

	Miles			Distribución porcentual			Variacións anuais					
							Miles			%		
	2013	2014	2015	2013	2014	2015	2013	2014	2015	213	2014	2015
Andalucía	1.462,5	1.395,7	1.198,3	24,6	25,6	25,1	15,7	-66,8	-197,4	1,1	-4,6	-14,1
Aragón	133,7	120,7	93,7	2,3	2,2	2,0	7,6	-13,0	-27,0	6,0	-9,7	-22,4
Asturias	107,9	98,4	95,8	1,8	1,8	2,0	-8,7	-9,5	-2,6	-7,5	-8,8	-2,6
Baleares	133,7	111,4	102,8	2,3	2,0	2,2	-12,8	-22,3	-8,6	-8,7	-16,7	-7,7
Canarias	365,3	342,2	297,1	6,2	6,3	6,2	6,5	-23,1	-45,1	1,8	-6,3	-13,2
Cantabria	55,9	51,2	48,6	0,9	0,9	1,0	1,2	-4,7	-2,6	2,2	-8,4	-5,1
C. A Mancha	256,7	234,3	201,4	4,3	4,3	4,2	12,6	-22,4	-32,9	5,2	-8,7	-14,0
C. León	292,4	283,1	246,8	4,9	5,2	5,2	-13,1	-9,3	-36,3	-4,3	-3,2	-12,8
Cataluña	839,5	756,5	668,6	14,1	13,9	14,0	-86,1	-83,0	-87,9	-9,3	-9,9	-11,6
C. Valenciana	668,3	569,4	520,4	11,3	10,4	10,9	-14,4	-98,9	-49,0	-2,1	-14,8	-8,6
Extremadura	164,1	151,8	140,5	2,8	2,8	2,9	-11,2	-12,3	-11,3	-6,4	-7,5	-7,4
Galicia	280,9	263,8	222,7	4,7	4,8	4,7	4,0	-17,1	-41,1	1,4	-6,1	-15,6
Madrid	685,5	612,3	562,8	11,5	11,2	11,8	21,0	-73,2	-49,5	3,2	-10,7	-8,1
Murcia	206,6	196,9	164,9	3,5	3,6	3,5	-5,6	-9,7	-32,0	-2,6	-4,7	-16,3
Navarra	51,0	46,4	41,4	0,9	0,9	0,9	-3,6	-4,6	-5,0	-6,6	-9,0	-10,8
País Vasco	173,3	174,1	132,5	2,9	3,2	2,8	-4,1	0,8	-41,6	-2,3	0,5	-23,9
A Ríoxa	31,9	26,4	21,5	0,5	0,5	0,4	2,5	-5,5	-4,9	8,5	-17,2	-18,6
Ceuta	14,1	12,8	8,4	0,2	0,2	0,2	0,1	-1,3	-4,4	0,7	-9,2	-34,4
Melilla	12,3	10,1	11,3	0,2	0,2	0,2	3,0	-2,2	1,2	32,3	-17,9	11,9
España	5.935,6	5.457,7	4.779,5	100,0	100,0	100,0	-85,4	-477,9	-678,2	-1,4	-8,1	-12,4

*Os datos corresponden á serie revisada incorporando a nova base poboacional da EPA actualizada coas estimacións derivadas do Censo de Poboación e Vivendas de 2011, en substitución da baseada no Censo 2001.

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano

Cadro tomado de: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, Informe Trimestral de Análisis del Mercado de Trabajo nº 116, marzo 2016

- A taxa de paro foi en 2015 dun 17,9% en Galicia, despois da importante baixada (3,1 puntos porcentuais) (un punto porcentual menos que o ano anterior e 3,75 puntos porcentuais menos que en 2012).
- A diminución da nosa taxa de desemprego en 2015 superou o descenso estatal en tres décimas, polo que o diferencial respecto da media española ampliouse de 2,8 a 3,1 puntos.
- En 2015 descendeu a taxa de paro en todas as comunidades e cidades autónomas (agás en Melilla), con especial intensidade en Ceuta, Andalucía, Canarias e Aragón, mentres que as diminucións máis lixeiras foron as de Asturias e Cantabria.
- Na clasificación autonómica, ordenada por maior taxa de desemprego, sobrancean, un ano máis, Andalucía (34,4%), Extremadura e Canarias, ademais da cidade autónoma de Melilla.
- As menores taxas de paro, ao peche do ano 2015, preséntanas País Vasco, Navarra, A Ríoxa e Aragón (as catro por baixo do 15%).

No cadro 4.35 presentamos a diferenciación por sexos no último trienio das taxas de paro das distintas comunidades (e cidades) autónomas e no global estatal, para facilitar o traballo ás persoas que desexen afondar no estudo do desemprego.

Cadro 4.35

Taxas de desemprego. Por comunidades autónomas. 2013-2015

	Valores das taxas En porcentaxe			Variacións anuais (en puntos porcentuais)		
	2013	2014	2015	2013	2014	2015
	25,83	23,82	21,02	-0,09	-2,01	-2,80
España						
Andalucía	36,36	34,40	29,98	0,56	-1,96	-4,42
Aragón	20,69	18,75	14,69	1,82	-1,94	-4,06
Asturias	22,51	20,88	20,49	-1,51	-1,63	-0,39
Baleares	22,73	18,96	17,17	-1,71	-3,77	-1,79
Canarias	33,18	31,25	26,98	0,36	-1,93	-4,27
Cantabria	19,87	18,53	17,83	0,59	-1,34	-0,70
C. A Mancha	22,09	20,37	17,72	1,25	-1,72	-2,65
C. León	29,13	28,59	15,06	-1,07	-0,54	-3,53
Cataluña	22,00	19,96	17,81	-1,97	-2,04	-2,15
C. Valenciana	27,27	23,60	21,56	-0,46	-3,67	-2,04
Extremadura	32,51	30,08	28,22	-1,56	-2,43	-1,86
Galicia	22,06	21,01	17,89	0,74	-1,05	-3,12
Madrid	20,45	18,10	16,61	0,99	-2,35	-1,49
Murcia	28,65	27,34	23,58	-0,91	-1,31	-3,76
Navarra	16,45	14,98	13,61	-0,86	-1,47	-1,37
País Vasco	16,66	16,68	12,98	-0,05	0,02	-3,70
A Rioxa	20,34	17,33	14,04	1,48	-3,01	-3,29
Ceuta	37,20	32,55	23,34	-0,66	-4,65	-9,21
Melilla	33,98	29,78	32,49	7,48	-4,20	2,71

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano

Cadro tomado de: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social, Inoforme Trimestral de Análisis del Mercado de Trabajo*, n° 116, marzo 2016

Especialmente grande é a taxa de desemprego da poboación xuvenil. As 54.800 persoas de Galicia desempregadas que teñen alomenos 16 anos e menos de 30 reflicten a gran dificultade deste colectivo para acceder ao mundo laboral; a súa taxa de desemprego é no último trimestre de 2015 dun 32,1% (pese á diminución de 4,2 puntos respecto ao mesmo trimestre do ano 2014).

A desagregación por provincias e sexos das taxas de paro do último bienio en medias anuais presentámolas no cadro 4.36, que reflicte:

- A nivel do global galego eran practicamente iguais as taxas de desemprego dos homes a a das mulleres en 2014, pero en 2015 é 1,3 puntos maior nas mulleres
- Na análise cruzada por sexos e provincias, as taxas de paro máis altas en 2015 segue a telas tanto para as mulleres (23,5%) como para os homes (21,6%) en Pontevedra mentres que as menores son tamén para os dous sexos as de Lugo (15,2% nos homes) e as das mulleres en A Coruña (16,8% nas mulleres).

A taxa de desemprego de Galicia en medias anuais no ano 2015 (un 19,3%), anque por baixo da estatal (22,6%) dobra á media da Unión Europea (9,7%); velaí unha “diverxencia” real da nosa estrutura económico-social que é imprescindible reducir axiña para achegármolos ao

nivel medio de benestar do conxunto das nacións cun maior desenvolvemento económico-social.

Cadro 4.36

Taxa de desemprego. Por comunidades autónomas e sexos. 2013 - 2015.

	En porcentaxe			Variacións en puntos porcentuais		
	2013	2014	2015	2013	2014	2015
HOMES						
España	25,16	22,91	19,61	-0,40	-2,25	-3,30
Andalucía	34,20	31,81	27,40	-0,12	-2,39	-4,41
Aragón	20,15	15,57	11,86	3,22	-4,58	-3,71
Asturias	21,58	20,45	21,23	-2,26	-1,13	0,78
Baleares	24,47	19,97	17,55	-0,06	-4,50	-2,42
Canarias	34,34	30,32	26,22	1,19	-4,02	-4,10
Cantabria	18,60	19,38	17,31	-0,72	0,78	-2,07
C. León	20,95	18,35	15,09	1,60	-2,60	-3,26
C. a Mancha	26,70	24,97	21,29	0,26	-1,73	-3,68
Cataluña	22,40	20,23	16,60	-2,39	-2,17	-3,63
C. Valenciana	26,38	22,72	20,44	-1,01	-3,66	-2,28
Estremadura	29,67	27,41	23,81	-2,01	-2,26	-3,60
Galicia	22,71	20,92	17,09	1,16	-1,79	-3,83
Madrid	19,45	18,43	16,44	-0,56	-1,02	-1,99
Murcia	27,59	25,30	20,65	-1,50	-2,29	-4,65
Navarra	15,46	15,02	12,10	-1,48	-0,44	-2,92
País Vasco	16,76	16,99	12,38	-0,03	0,23	-4,61
A Ríoxa	18,11	13,82	14,32	-0,42	-4,29	0,50
Ceuta	32,61	28,39	18,09	2,99	-4,22	-10,30
Melilla	34,73	21,93	28,74	11,02	-12,80	6,81
MULLERES						
España	26,61	24,86	22,65	0,25	-1,75	-2,21
Andalucía	38,98	37,51	33,08	1,40	-1,47	-4,43
Aragón	21,33	22,60	18,06	0,12	1,27	-4,54
Asturias	23,56	21,34	19,72	-0,67	-2,22	-1,62
Baleares	20,58	17,76	16,75	-3,77	-2,82	-1,01
Canarias	31,81	32,33	27,88	-0,62	0,52	-4,45
Cantabria	21,38	17,52	18,43	2,15	-3,86	0,91
C. León	23,48	22,83	20,90	0,75	-0,65	-1,93
C. a Mancha	32,34	33,33	29,87	-2,88	0,99	-3,46
Cataluña	21,55	19,65	19,18	-1,49	-1,90	-0,47
C. Valenciana	28,34	24,67	22,87	0,20	-3,67	-1,80
Estremadura	36,04	33,54	33,89	-1,10	-2,50	0,35
Galicia	21,35	21,10	18,77	0,29	-0,25	-2,33
Madrid	21,50	17,75	16,79	2,62	-3,75	-0,96
Murcia	30,00	29,92	27,33	-0,15	-0,08	-2,59
Navarra	17,64	14,93	15,32	-0,11	-2,71	0,39
País Vasco	16,56	16,34	13,64	-0,05	-0,22	-2,70
A Ríoxa	22,90	21,48	13,70	3,63	-1,42	-7,78
Ceuta	43,65	38,95	31,34	-6,38	-4,70	-7,61
Melilla	32,86	39,87	38,18	2,36	7,01	-1,69

*Da poboación de 16 a 64 anos.

Fonte: INE. EPA, datos do 4º trimestre de cada ano

Cadro tomado de: MESS, informe trimestral de análisis del mercado de trabajo, nº 116, marzo 2016

No cadro 4.37 presentamos as taxas de desemprego nas sete maiores cidades de Galicia no último bienio.

Compostela e A Coruña pechan o ano 2015 coas menores taxas de paro das sete cidades analizadas (e máis de tres puntos por baixo da media de Galicia), con porcentaxes moi semellantes ás das catro comunidades autónomas de menor taxa de paro (País Vasco, A Rioxa, Navarra e Aragón) e moi por baixo do promedio estatal 21%).

Cadro 4.37

**Taxas de desemprego dos sete
maiores concellos de Galicia. 2015**

	2014	2015
A Coruña	16,60	14,30
Lugo	15,60	15,90
Ourense	18,50	18,30
Pontevedra	28,70	18,10
Compostela	13,40	14,10
Vigo	23,70	19,90
Ferrol	23,80	27,90
Galicia	21,00	17,90

Datos en miles, 4º trimestre

Fonte: IGE, INE (EPA)

A diminución da taxa de desemprego en 2015 foi especialmente notable na cidade de Pontevedra, seguida de Vigo e A Coruña, mentres que Ferrol rexistrou a maior suba.

Especialmente grave é a problemática social das persoas desempregadas de longa duración. No cadro 4.38 focalizamos precisamente as taxas de desemprego no último quinquenio, por sexos, é o sector da poboación desempregada que leva alomenos un ano nesa difícil situación.

Cadro 4.38

Taxa de desemprego de longa duración. Por sexo. Galicia. 2011-2015.

	Total	Homes	Mulleres
2011	7,1	6,6	7,6
2012	9,2	9,3	9,2
2013	11,1	11,6	10,6
2014	11,6	11,7	11,4
2015	10,6	10,5	10,7

Datos en miles. Medias anuais.

IGE, INE, EPA

Globalmente, e tamén para cada un dos sexos, a taxa de desemprego de longa duración só baixou en 2015, despois dun trienio de continua suba.

Tendo en conta os dous sexos, a taxa superior de desemprego de longa duración foi a dos homes en 2014, e a menor do quinquenio analizado foi a dos homes en 2011. No último cuadrienio subiu máis nos homes que nas mulleres este índice e o diferencial de 2011 (un

punto) quedou reducido en 2015 a dúas décimas.

As persoas que desexen afondar no estudo por sexos das taxas de desemprego de Galicia poden facelo coa consulta do capítulo 5 deste Informe Sociolaboral, titulado: “A muller no mundo laboral”.

4.5.3 Desemprego dos fogares. Tempo na procura de emprego.

O estudo das vivendas segundo a tipoloxía da actividade económica desenvólta polos seus compoñentes reflicte as grandes dificultades que se está a vivir en moitos fogares de Galicia. O cadro 4.39 reflicte que en 75.100 fogares de Galicia (13.300 menos que no ano anterior) todas as persoas activas están desempregadas no último trimestre de 2015

Cadro 4.39

Taxa de desemprego de longa duración. Por sexo. Galicia. 2011-2015.

	Dato do trimestre actual (miles de vivendas)	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (miles de vivendas)	Variación relativa respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (%)
-Total	1.083,6	3,7	0,3
-Fogares con polo menos un activo	741,9	-7,6	-1,0
-Todos os activos son ocupados	555,5	28,9	5,5
-Todos os activos son parados	75,1	-13,3	-15,0
-Con ocupados e parados	111,3	-23,3	-17,3
-Fogares nos que non hai ningún activos	341,7	11,4	3,5

Datos en miles. Medias anuais.
IGE, INE, EPA do 4º trimestre de 2015

Ademais, como explicita o cadro, xa hai 341.700 fogares nos que non hai ningunha persoa activa (11.400 máis que un ano antes).

No cadro 4.40 recollemos a distribución da poboación desempregada galega no último trienio segundo o tempo de busca de emprego.

Salientaremos que:

- Baixaron en 2015 as persoas nos catro chanzos en que dividimos a poboación segundo o tempo que leva sen traballo e subiron as persoas que xa atoparon traballo no momento da entrevista realizada polos equipos de enquisa do INE.
- Seguen a ser máis de 100.000 as persoas desempregadas de Galicia que levan dous anos

ou máis buscando traballo en calquera dos tres anos analizados. Supoñen un 43,3% do total de persoas sen emprego, unha porcentaxe demasiado alta para lograr unha sociedade cohesionada, con menores desigualdades.

Cadro 4.40

**Poboación desempregada que traballou anteriormente.
Por tempo de búsqueda de emprego. Galicia. 2013-2015**

Total poboación desempregada	
2013	261,6
2014	250,5
2015	220,3
Menos de 6 meses	
2013	60,8
2014	54,9
2015	56,5
De 6 meses a < 1 ano	
2013	39,3
2014	34,4
2015	33,7
De 1 ano a < 2 anos	
2013	57,5
2014	49,6
2015	24,8
De 2 anos ou mais	
2013	100,2
2014	100,9
2015	105,3
Xa atopou traballo	
2013	11,9
2014	13,2
2015	13,4

Datos en miles. Medias anuais.

Fonte: IGE; INE, EPA

Velaí unha das portas de entrada á exclusión social, que cómpre pechar axiña se queremos que non se consolide o “Estado do Malestar” de estas persoas. Na Galicia do ano 2015 son unha importantísima causa da taxa de pobreza que están a sufrir miles de familias galegas, que ven como son incapaces de acadar os ingresos mínimos cos que vivir nos seus fogares, desolados nunha prolongada crise económica da que escoitan falar que se está a saír, pero desespéranse pola prolongación do seu desemprego.

4.6 O paro rexistrado 2015

Os datos para a elaboración da estatística do Paro Rexistrado na Comunidade Autónoma obtéñense da oficina de Emprego da Xunta de Galicia onde o colectivo de desempregados se inscribe co fin de solicitar servizos de intermediación laboral, formación, información de prestacións, etc. Recollidos os datos a través dunha entrevista ocupacional co demandante, introdúcense no sistema Informático do SPEE que remite dentro dos cinco primeiros días

hábiles de cada mes, os datos procesados por provincias á Dirección Xeral de Formación e Colocación para a elaboración das estatísticas autonómicas.

Dentro do colectivo de parados, son obxecto de tratamento, aqueles que teñen demandas pendentes de satisfacer o último día do mes, agás os que se encontren nalgunha das situacións establecidas na Orde Ministerial do 11 de Marzo de 1985 (BOE de 14/3/85):

- Demandantes que solicitan outro emprego compatible co que exercen (Pluriemprego).
- Demandantes, que estando ocupados, solicitan un emprego para cambialo polo que teñen (Mellora de emprego).
- Preceptores de Prestacións por Desemprego que realicen traballos de colaboración social (perciben a prestación por desemprego completada pola realización do traballo de colaboración social).
- Pensionistas de xubilación, invalidez absoluta, grande invalidez ou igual ou maiores de 65 anos (xubilados).
- Demandantes de emprego por un período inferior a 3 meses (Emprego conxuntural).
- Demandantes de traballo parcial inferior a 20 horas semanais (Xornada <20 horas).
- Menores de 25 anos que cursen estudos de ensinanza oficial regulada ou superando esta idade sexan demandantes de primeiro emprego (Estudantes).
- Asistentes a Cursos de Formación Profesional Ocupacional superiores a 20 horas lectivas á semana, teñan unha bolsa polo menos de manutención e sexan demandantes de primeiro emprego (Estudantes).
- Aqueles preceptores de Prestacións por Desemprego que a compatibilizan con traballo a tempo parcial (Compatibilidade prestacións).
- Demandantes coa demanda suspendida en tanto permanezan nesa situación xa que a suspensión da demanda, que xeralmente se tramita a petición do demandante e por causa que o xustifique, interrompe a busca de emprego (Exemp.: I.T.) (Demandas suspendidas).
- Demandantes que están a percibir o subsidio agrario ou que despois de esgotalo, non transcorrese un período superior a un ano dende o día do nacemento do dereito (Traballadores Eventuais Agrícolas Subsidiados).
- Demandantes que rexeiten accións de inserción laboral axeitadas as súas características (Rexeitamento de accións de inserción laboral).
- Demandantes sen dispoñibilidade inmediata para o traballo, como demandantes inscritos para participar nun proceso de selección dun posto de traballo

determinado solicitantes de emprego soamente no estranxeiro de emprego só a domicilio, de Expediente de regulación de emprego, etc. (Outras causas).

Existe un grande número de situacións ás que as demandas de emprego pendentes nas Oficinas de Emprego non se consideran incluídas no concepto de paro rexistrado, e nalgunha delas, talvez, sería discutible a súa non inclusión, ao que hai que engadir que nalgúns casos as baixas expectativas de encontrar traballo a través dos Servizos Públicos de Emprego provoca a non inscrición como demandante, así como a obriga da renovación da demanda de emprego cada 3 meses.

Cadro 4.41

Paro rexistrado. Por comunidade autónoma. 2015

	Parados Decembro 2015	Variación anual absoluta
Andalucía	962.974	-44.544
Aragón	89.284	-15.546
Asturias	90.375	-6.082
Baleares	75.784	-7.124
Canarias	247.529	-16.746
Cantabria	49.462	-1.677
C. A Mancha	219.897	-17.035
C. León	201.696	-19.541
Cataluña	515.668	-59.992
C. Valenciana	461.990	-55.068
Estremadura	129.995	-9.143
Galicia	228.808	-23.474
Madrid	452.352	-50.541
Rexión de Murcia	128.074	-12.138
Navarra	43.143	-5.560
País Vasco	150.017	-16.864
A Ríoxa	21.821	-3.429
Ceuta	12.627	-137
Melilla	12.012	-997
España	4.093.508	-362.818

Fonte: SEPE

Deste cadro extráese:

- A diminución do paro rexistrado en Galicia en 23.474 persoas alcanzando unha variación de -9,3% con respecto ao ano anterior. Os datos da media de España reflectiron 362.818 persoas menos rexistradas como paradas (-8,1%)
- O número absoluto de parados en 2015 reduciuse en comparación a decembro de 2014 e a taxa de paro alcanzou o 18,1%, mentres que a media do conxunto do Estado foi 17,9%
- A achega de Galicia no paro rexistrado estatal foi de 5,59%.

A evolución do paro rexistrado en Galicia (cadro 4.42) e a taxa de paro reflecten unha

tendencia á alza do ano 2010 ao 2012, cunha leve diminución en 2013, máis acusada no 2014 e 2015.

Cadro 4.42

Evolución do paro rexistrado e da taxa de paro. Galicia 2011-2015

	Nº Parados	Taxa de paro
2011	258.234	19,66
2012	278.787	21,25
2013	271.063	20,99
2014	251.918	19,93
2015	228.808	18,10

Datos de decembro de cada ano.
Fonte: SEPE

O paro rexistrado por provincias (cadro 4.43) toma como variables a idade (<25 ANOS E >25 ANOS) e o sexo.

Cadro 4.43

Paro rexistrado. Por provincias e idades. Galicia. 2015

	Paro mes	<25	>25
A Coruña	89.920	4.247	85.673
Lugo	22.696	1.218	21.478
Ourense	25.230	1.368	23.862
Pontevedra	90.962	4.527	86.435
Galicia	228.808	11.360	217.448

Datos de decembro de 2015
FONTE: SEPE

Por provincias (cadro 4.44) en todas produciuse unha redución do paro rexistrado.

Cadro 4.44

Paro rexistrado e taxa de paro. Por provincias. 2015

	Nº Parados Dec. 2015	Taxa de paro	Variación Decembro 2014
A Coruña	89.920	16,88	-9.413
Lugo	22.696	14,65	-2.247
Ourense	25.230	18,91	-2.084
Pontevedra	90.962	20,68	-9.468

Datos de decembro 2015
Fonte:SEPE

Se comparamos estes valores cos estatais, observamos que Ourense (18,91%) e Pontevedra superan a taxa española (20,68%), mentres que A Coruña (16,88%) e Lugo (14,65%) quedan por debaixo.

As taxas de paro rexistrado en Galicia en 2015 por sexo e grupo de idade (cadro 4.45), mostran unha taxa do 19,38% para os menores de 25 anos e unha taxa do 18,17% para os

maiores de 25 anos.

Cadro 4.45

Paro rexistrado por idades e sexos. Galicia. 2015

	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos
Homes	5.995	100.829
Mulleres	5.365	116.619

Datos Decembro 2015
Fonte: SEPE

Se á variable de idade engadimos a variable sexo, observamos que a taxa maior se dá en mulleres maiores de 25 anos.

En decembro/15 o total de homes parados rexistrados alcanzaban os 106.824, o que supoñía un 46,69% do total da poboación parada, fronte a unha poboación parada feminina de 121.984 mulleres que representaban o 53,31% do total. En 2014 estas porcentaxes foron do 48,19% e do 51,8%, respectivamente, o que pon de manifesto un leve aumento de diferenzas por sexos na poboación parada, confirmando a tendencia de anos anteriores.

Tanto a poboación parada masculina, coma a feminina diminuíron en 2015. A taxa de paro rexistrado no grupo de homes reduciuse en 2 puntos, pasando do 18,29% de 2014 ao 16,29% de 2015. No grupo de mulleres a redución foi algo menor, 1,4 puntos, quedando a taxa de paro rexistrado en 20,35% no 2015, fronte 21,75% en 2014.

Aumentaron lixeiramente a diferenza entre o grupo de mulleres <25 anos (18,96%) e o grupo de mulleres >25 anos (20,42%), mentres que no grupo de homes, os menores de 25 anos (19,79%) aumentaron a distancia co grupo de maiores de 25 anos (16,12%).

A distribución por sectores do paro rexistrado (cadro 4.46) comparándoo co ano anterior reflicte unha diminución en todos os sectores.

Cadro 4.46

Paro rexistrado. Por sectores. Galicia. 2015

	Parados Decembro 2015	Variación decembro 2014
Agricultura e pesca	9.229	385
Industria	28.852	-6.471
Construción	28.141	-7.450
Servizos	144.470	-11.784
Sen emprego anterior	18.116	-2.832

Datos decembro 2015
Fonte: SEPE

Ao sector Servizos segue sendo o que máis desempregados rexistra superando á suma dos

outros tres sectores produtivos, Agricultura e pesca, Industria, Construción e sen emprego anterior, xuntos.

O paro rexistrado por nivel académico e provincia reflíctese no cadro 4.47 onde se aprecia un maior rexistro de parados no grupo con Estudos Secundarios con 130.555 persoas desempregadas (57,06%) e Estudos Primarios con 45.397 persoas desempregadas (20,08%).

Cadro 4.47

Paro rexistrado. Por nivel académico e provincias. 2015

	Sen estudos	Sen certif. estudios prim	Con certif. estudios prim	Programa F.P.	Educ Xeral	Tec. Prof. Sup	1º ciclo Superior	2º e 3º ciclo superior	Outros
A Coruña	5.947	8.462	9.234	6.137	42.325	7.394	3.672	6.695	54
Lugo	3.512	1.254	2.944	1.478	9.214	1.917	1.027	1.338	12
Ourense	205	1.789	4.186	1.641	13.416	1.627	981	1.367	18
Pontevedra	1.200	4.713	13.355	6.405	49.939	7.073	2.944	5.289	44
Galicia	10.864	16.218	29.719	15.661	114.894	18.011	8.624	14.689	179

Datos de decembro 2015.
Fonte: SEPE

4.7 A poboación inactiva

No cadro 4.48 reflíctense os datos da poboación inactiva en Galicia, diferenciándoo por provincias e situación de inactividade:

Cadro 4.48

Población inactiva por tipo de inactividade. Galicia-provincias 2012- 2015

		2012	2013	2014	2015
Total					
	A Coruña	406,4	439,1	443,7	442,5
	Lugo	145	145,8	148,7	138,9
	Ourense	148,1	148,5	145,5	146,7
	Pontevedra	357,7	357,9	362,3	370,4
	Galicia	1057,2	1091,3	1100,2	1098,5
Estudantes					
	A Coruña	60,7	57,1	65,2	59,1
	Lugo	15,4	14,9	15,3	16,2
	Ourense	16,2	15,7	14,6	14,9
	Pontevedra	48,5	46,2	52,5	54,7
	Galicia	140,8	133,9	147,6	144,9
Retirados, xubilados e pensionistas					
	A Coruña	218,4	239,4	247,4	255
	Lugo	92,7	90,5	96,2	91,6
	Ourense	93,3	94,3	90,8	88,8
	Pontevedra	188,7	188,6	199,4	195,6
	Galicia	593,1	612,8	633,8	631
Labores da casa					
	A Coruña	80,8	93	89,1	89,7
	Lugo	22	23,7	23,4	18,6
	Ourense	25,8	23,9	25	26,8
	Pontevedra	81,9	83,2	72,4	81,5
	Galicia	210,5	223,8	209,8	216,6
Incapacidade permanente					
	A Coruña	45,6	46,5	35,5	32,9
	Lugo	14	15,5	11,7	10,5
	Ourense	12,3	13,9	12,6	14,1
	Pontevedra	34,6	36,9	31	31,3
	Galicia	106,5	112,8	90,7	88,8
Outra situación					
	A Coruña	5,5	6,9	6,5	5,8
	Lugo	2,5	2,5	2,1	2
	Ourense	1,3	1,3	2,6	2,1
	Pontevedra	8,6	8,6	7	7,3
	Galicia	17,9	19,3	18,2	17,2

Miles de persoas.
 Fonte: INE. EPA 2015

- Leve suba da poboación inactiva en Ourense e Pontevedra.
- Como en anos anteriores mais da metade das persoas inactivas se encontra no grupo de "retirados, xubilados, pensionistas" 57,44%.
- A continuación encontramos a categoría de "labores do fogar", cunha leve aumento, 19,72%.

- O grupo de "estudantes" representa o 13,19% da poboación inactiva.
- Baixan todas as categorías agás "labores do fogar".

Cadro 4.49

Poboación inactiva por situación de inactividade e comunidade autónoma. 2015

	Total	Estudante	Xubilado ou prexubilado	Labores do fogar	Incapacitado permanente	Perceptor de pensión distinta de xubilación ou prexubilación	Outras situacións ⁽¹⁾
Total	15.615,9	2.571,0	5.990,1	3.765,9	1.189,3	1.774,8	324,8
Andalucía	2.882,2	527,1	935,2	758,0	252,8	320,0	69,2
Aragón	453,8	73,0	185,8	108,7	33,3	46,5	6,4
Asturias	438,5	52,3	190,1	91,2	38,5	56,9	9,4
Baleares	335,0	54,1	129,7	87,9	19,9	33,3	10,2
Canarias	685,5	129,5	213,9	171,8	66,4	80,0	24,0
Cantabria	217,8	33,4	81,9	51,3	16,8	26,8	7,7
C. León	942,4	131,3	387,2	239,2	64,0	107,3	13,4
C. A Mancha	696,0	122,2	219,0	211,6	55,3	76,6	11,4
Cataluña	2.307,2	368,1	1.008,3	473,4	118,6	300,2	38,7
C. Valenciana	1.672,6	269,1	675,8	393,8	159,0	152,2	22,4
Extremadura	410,1	67,0	128,8	107,2	32,4	59,9	14,7
Galicia	1.098,6	144,9	506,4	216,7	88,8	124,6	17,2
Madrid	1.855,7	324,7	731,8	440,6	103,5	206,7	48,4
Murcia	481,2	85,3	152,1	131,4	49,8	50,4	12,2
Navarra	215,4	39,2	86,8	45,7	18,9	21,5	3,4
País Vasco	782,7	120,0	302,0	189,5	62,2	99,3	9,7
A Ríoxa	105,3	16,8	45,3	27,5	6,2	7,8	1,6
Ceuta	28,6	6,5	5,1	12,0	1,8	2,4	0,9
Melilla	27,5	6,5	5,0	8,4	1,6	2,4	3,5

(1) A categoría "Outra situación" inclúe aos inactivos que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar.

Datos en miles.

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de 2015.

Para finalizar podemos facer unha breve análise da situación de "Os inactivos" no resto das comunidades Autónomas

Cadro 4.50

Poboación inactiva por clase principal de inactividade e comunidade autónoma. 2015
Porcentaxe respecto do total de cada comunidade autónoma

	Total	Estudante	Xubilado ou prexubilado	Labores do fogar	Incapacitado permanente	Perceptor de pensión distinta da de xub. ou	Outras situacións ⁽¹⁾
Total	100,1	16,5	38,4	24,1	7,6	11,4	2,1
Andalucía	100,0	18,4	32,7	26,5	8,8	11,2	2,4
Aragón	100,0	16,1	40,9	23,9	7,3	10,3	2,4
Asturias	100,0	11,9	43,4	20,8	8,8	13,0	2,1
Baleares	99,8	16,1	38,7	26,2	5,9	9,9	3,0
Canarias	100,0	18,9	31,2	25,1	9,7	11,7	3,5
Cantabria	100,0	15,3	37,6	23,6	7,7	12,3	3,5
C. León	100,0	13,9	41,1	25,4	6,8	11,4	1,4
C. A Mancha	100,0	17,6	31,5	30,4	7,9	11,0	1,6
Cataluña	100,0	16,0	43,7	20,5	5,1	13,0	1,7
C. Valenciana	100,0	16,1	40,4	23,5	9,5	9,1	1,4
Estremadura	100,0	16,3	31,4	26,1	7,9	14,6	3,6
Galicia	100,0	13,2	46,1	19,7	8,1	11,3	1,6
Madrid	99,9	17,5	39,4	23,7	5,6	11,1	2,6
Murcia	100,0	17,7	31,6	23,7	10,4	10,5	2,5
Navarra	100,0	18,2	40,3	21,2	8,8	10,0	1,6
País Vasco	100,0	15,3	38,6	24,2	7,9	12,7	1,2
A Ríoxa	100,0	16,0	43,1	26,1	5,9	7,4	1,5
Ceuta	100,0	22,8	17,8	42,0	5,7	8,4	3,3
Melilla	100,0	23,8	18,2	30,5	5,9	8,8	12,7

(1) A categoría "Outra situación" inclúe aos inactivos que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar.

Datos en miles.

Fonte: INE, EPA 4º trimestres de 2015.

- O número de persoas inactivas aumenta lixeiramente na media España e baixa en Galicia.
- Ao igual que o ano anterior, Galicia segue sendo a comunidade con maior porcentaxe de persoas inactivas no grupo de "xubilados e prexubilados" 46,01%, seguido de Cataluña (43,7%). A media Nacional é de 38,4%.
- No grupo de "estudantes" a porcentaxe de Galicia, 13,2%, é inferior ao resto das comunidades autónomas, despois de Asturias 11,9%, (España 16,5%)
- A porcentaxe de inactivos no grupo de "labores do fogar" segue sendo o mais baixo do total de España, 19,7%, 24,1% en España.
- No ano 2015 o % de "incapacitados permanentes" pasa a ser o 8,1%. Volve ser A Rexión de Murcia a que rexistra a maior porcentaxe nesta categoría, 10,4% (España 7,6%).

Por idade destaca:

- A maior porcentaxe de inactivos dáse nos maiores de 65 anos co 57,6% (52,5% en España). Castela-León é a comunidade coa porcentaxe mais alto neste tramo de idade (58,5%) e Ceuta é a que o ten máis baixo (30%)

- Séguenlle os pertencentes ao grupo de idade de 55 a 64 anos co 14,8% (14,8% en España). Principado de Asturias é a comunidade que ten un maior número de inactivos neste tramo de idade (18,1%) e Ceuta a que menos (11%)
- En Galicia en menor porcentaxe de inactivos por grupo de idade encóntrase no intervalo de 25 a 34 anos co 3,7% (4,4% en España). País Vasco é a comunidade cunha porcentaxe mais baixo neste tramo (3%) e Ceuta a comunidade co % máis alto (14,6%).

Cadro 4.51

Poboación inactiva por grupos de idade e comunidade autónoma. 2015
Porcentaxes respecto do total de cada comunidade autónoma

	Total	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 e máis anos
Total	100,0	9,6	6,5	4,4	4,9	7,3	14,8	52,5
Andalucía	100,0	10,4	7,7	5,5	5,9	8,7	15,7	46,2
Aragón	100,0	9,1	5,6	4,1	3,9	6,4	13,9	57,0
Asturias	100,0	6,1	5,0	3,6	3,6	8,5	18,1	55,1
Baleares	100,0	10,1	7,1	5,4	6,3	7,7	14,3	49,2
Canarias	100,0	10,7	6,4	5,9	6,4	9,8	16,0	44,8
Cantabria	100,0	8,2	6,0	4,4	5,2	8,2	16,2	51,9
C. A Mancha	100,0	7,7	5,8	3,6	3,5	6,7	14,2	58,5
C. León	100,0	10,4	6,9	4,8	5,7	8,4	13,3	50,6
Cataluña	100,0	9,9	5,9	3,5	4,6	5,9	14,2	56,0
C. Valenciana	100,0	9,3	6,4	4,5	5,1	7,1	14,5	53,1
Extremadura	100,0	9,5	6,7	5,0	5,4	8,8	14,9	49,7
Galicia	100,0	6,9	5,6	3,7	4,3	7,1	14,8	57,6
Madrid	100,0	10,6	6,9	3,8	3,8	5,9	14,0	55,0
Murcia	100,0	11,2	6,9	5,8	6,7	9,7	14,4	45,4
Navarra	100,0	10,7	7,7	3,3	4,7	5,9	15,0	52,7
País Vasco	100,0	8,7	5,4	3,0	4,1	6,6	15,6	56,5
A Ríoxa	100,0	9,3	7,1	4,2	4,9	4,9	12,8	56,8
Ceuta	100,0	12,5	8,8	14,6	11,4	11,7	11,0	30,0
Melilla	100,0	16,2	9,1	10,8	8,1	10,9	14,0	30,9

Datos en miles.

Fonte: INE, EPA 4º trimestres de 2015.